

## **vilalba**

Convocados os concursos de música local e o Certame Literario. **Pax. 23**

## **guitiriz**

Arrancan as obras de construción da residencia de maiores da Deputación. **Pax. 25**

## **as pontes**

O lago recibe por terceiro ano consecutivo a bandeira azul. **Pax. 26**

## **xermade**

José Mouriño xa é Fillo Predilecto da localidade, logo dun emotivo acto. **Pax. 27**

## **rábade**

A localidade acollerá o 13 o Festival Entrepontes, na súa primeira edición. **Pax. 25**

## **As protagonistas de maio**

O día 28 de maio celébranse as eleccións municipais, nas que se elixirán os rexedores locais para os vindeiros catro anos



## **Del Riego e o Día das Letras Galegas**

O escritor nado en Lourenzá será o homenaxeado o vindeiro 17 de maio. **Pax. 2**

## **Os concellos ultiman as tarefas**

Abadín e Muras, entre outros, aproban os orzamentos no último pleno. **Pax. 26 e 28**

## **Nova edición do Friulio**



Terá lugar en Friol a fin de semana do 13 e 14 de maio. **Pax. 24**

## **Festa da Torta de Millo**



Tanxugueiras será o prato principal da celebración de Guitiriz. **Pax. 25**

## **Romaxe Artesá da Chaira**



Regresa a véspera das eleccións a cita coa cultura galega en Muras. **Pax. 27**

## **Convocatoria dos premios ao turismo**

A Deputación ten aberto ata o 31 de xullo o prazo para a presentación de candidaturas. **Pax. 30**

**Este verán o vas ver claro.  
Gafa de sol graduada  
dende só**

**89€**

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

Rúa Plácido Peña, 9, Bajo Vilalba  
982 51 01 00

Av. Galicia, 91, As Pontes  
981 451 504

Promoción válida ata o 30/06/2023





## LETRAS GALEGAS 2023

## Francisco Fernández del Riego ou Don Paco

## Sempre traballou incansablemente e con optimismo, ata os derradeiros momentos da súa vida

Francisco Fernández del Riego, nado no lugar de Vilanova de Lourenzá o 7 de xaneiro de 1913, foi un intelectual e activista político galego. Escribiu cos pseudónimos de Adrián Solovio, Adrián Soutelo, Salvador Lorenzana, S.L., Cosme Barreiros, Ronsel e Aleví. Desenvolveu dende os anos 30 un traballo constante e recoñecido a prol da cultura galega que continuou até os seus últimos meses e que fixo del unha das personalidades máis destacadas de Galicia.

**PRIMEIROS ANOS.** Foi o primoxénito dos once fillos e comezou o bacharelato cos bieitos de Lourenzá e rematouno como interno no Colexio da Nosa Señora da Antiga de Monforte de Lemos. En 1930 matriculouse en Dereito na Universidade Complutense de Madrid e foi alí onde comezou a ler a Rosalía de Castro e a Vicente Risco. A proclamación da Segunda República colleuno nesa cidade. Pouco despois a súa numerosa familia trasladouse a Santiago de Compostela e alí foi el tamén, a seguir os seus estudos de Dereito na universidade galega, ao tempo que realizaba tamén a carreira de filosofía e letras.

**ANTES DA GUERRA CIVIL.** Iniciou a súa actividade literaria con colaboracións na revista Vallibria e xa en Compostela publicou artigos en El Pueblo Gallego, A Nosa Terra e Heraldo de Galicia. En Compostela entrou no Seminario de Estudos Galegos, e incorporouse ao Partido Galeguista logo da súa fundación.[14] En 1932 foi elixido secretario xeral da agru-

pación Ultrera. Cando se constituíu a Federación de Mocedades Galeguistas foi o seu primeiro secretario xeral, e formou parte do Consello galego de Galeusca.

**A GUERRA CIVIL.** Con ela chegou a súa inhabilitación na docencia perdendo o seu posto como profesor de Dereito na USC. Fernández del Riego recibiu unha sanción por parte do Tribunal de Orde Pública que fixo que estivera agochado un tempo e, finalmente, decidiu incorporarse ao

**“A cultura non se pode politizar seitariamente, pertencelle ao país, que se interpreta a través dela”**

exército cando foi chamado, para salvar a súa vida. Participou nas batallas do Ebro, Teruel e Estremadura. A guerra civil foi anos despois material literario da súa novela *O cego de Pumardedón* (1992), onde a xeración que fixo a guerra aparece representada simbolicamente polo protagonista, un home que queda cego tras o estoupido dunha granada: esa cegueira é unha metáfora da imposibilidade de dar unha visión integral e obxectiva do sucedido.

**DESPOIS DA GUERRA CIVIL.** Ao rematar trasladouse a Vigo desde

onde traballou sempre polo galeguismo e a cultura galega en múltiples iniciativas. En 1940 casou con Evelina Hervella Nieto, farmacéutica de formación, aínda que non exerceu e non tiveron fillos.

En 1947 foi detido, encarcerado e xulgado en consello de guerra, sendo finalmente exculpado.

Foi xunto con Ramón Piñeiro e Xaime Isla Couto un dos principais impulsores da Editorial Galaxia (1950), e en 1963, xurdiu desta editorial a revista *Grial*, que Del Riego codirixiu e para a que escribiu de forma asidua recensións literarias e artigos.

O seu traballo no ámbito cultural e a súa extensa obra convérteno nun dos principais intelectuais galeguistas do século XX e comezos do XXI. Entre os seus libros destacan ensaios sobre a cultura e a literatura galegas como *Historia de la literatura galega* (1951), *Galicia no espello* (1954), *Diccionario de escritores en lingua galega* (1990), *A xeración Galaxia* (1996) e estranxeiras, como *Letras do noso tempo* (1974).

Cultivou tamén a narrativa *O cego de Pumardedón*, 1992, e a literatura de viaxes *As peregrinacións xacobeas*, 1984. Editou antoloxías poéticas e libros de vocabulario, escribiu gran número de artigos poéticos e biografías. Tamén é autor dun libro de memorias, *O río do tempo*, 1991. No 2003 recompilou a súa correspondencia con Álvaro Cunqueiro e a editou en Galaxia co título *Cartas ao meu amigo. Epistolario Mindoniense*, e publicou tamén en Galaxia as súas memorias baixo o título de *Camiño andado*.

Autor de numerosos limiares, colaborou en publicacións e xornais como *Universitarios*, *Alento*, *Ser* e *A Nosa Terra*, das cales chegou a ser director; *La Noche*, *Galicia*, *Galicia Emigrante*, *Vieiros*, *Vida Gallega*, *Heraldo de Galicia*, *Nós*, *Grial*, *El Pueblo Gallego*, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Vallibria* e *Industrias Pesqueiras*.

En 1995 doou á cidade de Vigo a súa



colección de libros, que constitúe a Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego da Casa Galega da Cultura. Foi director da Biblioteca da Fundación Penzol, no mesmo edificio.

Tralo seu pasamento, acaecido en Vigo o 26 de novembro de 2010, as

súas cinzas foron depositadas no cemiterio de San Pedro da Ramallosa, Nigrán.

En 2023 Galaxia editou a vida en banda deseñada, *Francisco Fernández Del Riego, o home que valía por mil*, con guión de Antón Mascato e debuxos de Pepe Carreiro.

¿Tienes un proyecto social de apoyo a la comunidad?

Y.E.S.

Inscríbete en

EDP Energía Solidaria

edp  
Fundación

Energías  
Renovables

Eficiencia  
Energética

Movilidad  
Sostenible

Comunidades  
en Transición



Envía tu solicitud del 1 al 31 de mayo  
Más información: [www.fundacionedp.es](http://www.fundacionedp.es)



# ELECCIÓN MUNICIPALIS 2023

## Todo listo para a xornada electoral

Algo máis de 270.000 lucenses están chamados a votar o 28 maio nunhas eleccións nas que aumenta a presenza de BNG e VOX

O 28 de maio todos os veciños da provincia de Lugo están convocados a participar nas eleccións municipais, que escollerán aos alcaldes e concelleiros que rexerán os destinos dos diferentes concellos. Xa todos os partidos presentaron as súas listas electorais completas en cada un dos concellos. Un ano máis PP e PSOE contarán con candidatos para todas as alcaldías, algo que non é así para o BNG, que conformou lista en 53 dos 69, o que significa catro máis que nas anteriores eleccións.

Pero non son os únicos partidos que se presentan. Este ano VOX multiplica a súa representación con listas en oito concellos, cando nas anteriores só presentou en dous, Lugo e Burela.

Repiten estes dous e engádense os concellos de Viveiro na Mariña, Castro de Rei, Meira e Rábade na zona centro e Becerreá, Baleira e Sarria na montaña e no sur da provincia.

Así mesmo a coalición Contamos, que impulsaron os alcaldes de Becerreá e Sarria, e que unifica baixo

as mesmas siglas a Galicia Sempre, Camiña Sarria e Partido Galego, contará con representación en sete municipios. Ademais dos dous fundadores están Samos, O Páramo, Lugo, Meira e O Corgo.

Tamén hai oco para as candidaturas independentes, unhas 20 en toda a provincia.

As dúas máis representativas son a de Rábade, que lidera o alcalde Francisco Xosé Fernández Montes, e a de Monterroso, onde Rocío Seijas quedou á fronte da Alcaldía trala saída de Antonio Gato para reincorporarse aos socialistas.

Outras listas con tradición e representación repártense por toda a provincia, como Udival no Valadouro, Monforte Esperta, Agroma en Sober, Por Chantada, Courel Vivo, Independentes de Outeiro de Rei, Vilalba Aberta e Negueira Viva. Aparecen tamén outros grupos independentes de novo cuño como son Xuntos polo Cambio e Chantada Centro nesta mesma localidade, Independentes por Quiroga ou Avanza Pantón. Tamén se inclúen Terras de Portomarín, o Partido Galeguista de Ribadeo, o Partido Galego do Valadouro, Son Burela, Vía Alfoz e Por Viveiro.

**OUTROS PARTIDOS.** Outras listas de partidos de talante estatal tamén presentaron lista na provincia. É o caso de Ciudadanos, que só presenta candidato en Lugo e Sarria, mentres que a coalición Podemos-Esquerda Unida loita por representación na capital da provincia e a formación morada estará soa en Viveiro.



## 406 administrativos e 1.012 axentes para vixilar a xornada

A Subdelegación do Goberno ultima os preparativos para a celebración da xornada electoral do próximo 28 de maio. O seu labor céntrase na comprobación dos locais de votación, a seguridade de todas as fases do proceso e a dotación de medios materiais, pasando pola transmisión da información oficial de apertura e peche de mesas, participación, escrutinio e transmisión dos resultados.

Están convocados a votar 270.274 lucenses e serán 406 as persoas que actuarán como representantes da Administración e se ocuparán de verificar a correcta apertura das mesas, resolver posibles incidencias e recoller os datos do recuento

do voto cando pechen as mesas. Da seguridade da xornada electoral ocuparanse 1.012 axentes da Garda Civil e a Policía Nacional, que contarán co apoio das Policía Locais de Lugo, Viveiro, Ribadeo, Foz, Burela, Vilalba, Chantada, Guitiriz, Cervo, Sarria e Palas de Rei, así como da Policía Autonómica.

Nas eleccións xerais do 28 de maio están chamadas a votar na provincia de Lugo 270.274 persoas, das que 269.101 son residentes nos 67 concellos e 1.173 residen no exterior. Respecto da loxística preparada para a celebración das eleccións, na provincia haberá un total de 401 locais electorais nos que se distribuirán as 533 mesas de votación.

## Entre 25 e 5 concelleiros

Non en todos os concellos se escolle o mesmo número de concelleiros, faise en función da poboación. Loxicamente, o concello con máis representantes é Lugo, ao que con 97.211 habitantes censados lle corresponden 25 concelleiros.

Despois están as vilas máis poboadas. Así, con 17 (de 23 non hai ningunha) están Monforte, Viveiro, Vilalba, Sarria e Foz. Con 13 concelleiros están as vilas de entre 5.000 e 10.000 habitantes, como Ribadeo, Burela, Chantada, Guitiriz, Outeiro de Rei e Castro de Rei.

No seguinte franxa están situados os concellos con 11, é o caso de Cospeito, Cervo, Friol, Monterroso, O Saviñao, Mondoñedo, O Corgo, Xove, Palas de Rei, Fonsagrada, Quiroga, Barreiros, Begonte, A Pastoriza, Becerreá, Taboada, Guntín, Castrover-

de, Lán cara, Baralla, Pantón, Abadín, Sober, A Pontenova, Lourenzá e Carballo.

O Valadouro encabeza a listaxe de concellos con 9 representantes como Antas de Ulla, Xermade, Meira, Paradela, O Vicedo, Pol, Alfoz, A Pobra de Brollón, O Incio, Rábade, Bóveda, Portomarín, O Páramo, Cervantes, Samos, Riotorto, Baleira e Trabada.

Xa con menos de mil habitantes, Ourrol, Navia de Suarna, As Nogais, Folgoso do Courel, Ribas de Sil, Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Muras e Ribeira de Piquín elixen 7 concelleiros e Negueira de Muñiz, o concello menos poboado (228 habitantes), ten 5 elixibles.

Sempre se escollen números impares para facilitar as votacións en sesións plenarias e evitar empates.

# REBÉLATE CONTRA A SUBA DOS PREZOS

**adamo**  
A mega fibra

O TEU PAQUETE DE  
**FIBRA E MÓBIL**  
**Ao 50% DTO.**  
DURANTE 9 MESES

OFERTA  
VECINOS DE  
**GALICIA**  
NON A DEIXES  
ESCAPAR!

Chama gratis ao  
**900 651 679**

ou configura o teu paquete  
a medida en [www.adamo.es](http://www.adamo.es)

Consulta os detalles da promoción en [www.adamo.es](http://www.adamo.es)



# Os populares queren recuperar o seu feudo ante un PSOE que repite

Vén de rematar en Vilalba o primeiro goberno socialista da democracia conseguido grazas ao pacto con Vilalba Aberta, pacto que se rompeu avanzada a lexislatura, nos tempos máis duros da pandemia. O PSOE que renovar a dirección do goberno local e presenta unha candidatura con cambios pero liderada por Elba Veleiro. Na outra cara da moeda está o Partido Popular, que se presenta encabezado por Sandra Vázquez, que substituíu

**PSOE.** Elba Veleiro volverá lidera o PSOE municipal tras estes catro anos como alcaldesa, a primeira socialista da democracia de Vilalba. Foi unha das primeiras en oficializar a súa candidatura. "Foron case catro anos de traballo duro, de ir poñendo ao día a un concello totalmente abandonado e de devolverlle a dignidade institucional que merecen os nosos veciños e veciñas", afirmou Veleiro, remarcando que "tivemos que facer fronte a unha pandemia mundial que mudou dun día para outro as prioridades, esixindo do noso equipo moito esforzo e modificando por completo o plantexamento inicial".

A rexedora e candidata á reelección reafirmouse "no compromiso que teño con Vilalba, que terei e tiven sempre en todo o meu periplo político, e que agora precisa de novo do apoio das nosas xentes para que continúe a decencia política, a transparencia, a dotación de novos servizos, a dinamización social, a boa convivencia e, en definitiva, o progreso de Vilalba, o paso dunha Vilalba en branco en negro a unha Vilalba chea de matices na que cadaquén atope o seu lugar e reciba dos poderes públicos un trato digno e igualitario".

Agora, asume este novo reto "coa ilu-



sión intacta, coa seguridade de que faremos o mellor equipo para seguir gobernando con vocación de servizo á cidadanía e que eu me deixarei a pel por facer deste concello un lugar amable, co máximo benestar e servizos para todos, e poñendo sempre a Vilalba por diante".

A actual tenente de alcaldesa, Marta Rouco, ocupa o segundo lugar, liderando a lista do PSOE local dúas mulleres, e no terceiro posto, Eduardo Vidal, concelleiro no goberno e ex deputado provincial. A candidatura mantén a meirande parte dos nomes dos edís socialistas neste mandato.

A actual rexedora destacou "a presenza nesta candidatura de persoas vencelladas ao rural, pois seguimos coa teima de tratar de ampliar ser-

vizos nas parroquias e mellorar as condicións de vida, un gran reto que todos debemos asumir". Veleiro puxo de relevo que "despois destes catro anos no goberno, presentámonos ás eleccións coa convicción de que temos o mellor equipo para culminar todos os compromisos que adquirimos logo de sentar as bases nun concello que sufriu durante anos o abandono dos anteriores gobernantes", remarcando que "é imprescindible a vontade e a confianza da xente para gañar estabilidade e poder continuar desde un goberno estable e forte".

De cara ao futuro define que "Vilalba precisa seguir progresando. O noso papel é o de identificar con claridade as necesidades e priorizar actuacións; manter nas mellores condicións posibles aqueles servizos necesarios para a convivencia e o benestar das persoas. Cambiar a visión global do pobo actuando sempre en aras de lograr que Vilalba sexa un concello activo, dinámico, accesible, sostible, moderno e atractivo para vivir e tamén para visitar, que explore o seu grande potencial de cara ó turismo, que mire ó futuro con ilusión renovada, coa confianza de que o mellor está por vir.

a Agustín Baamonde durante estes catro anos, primeiro como presidenta da xestora e logo como cabeza de lista e alcaldable. Nunha Corporación sen BNG, a terceira pata está representada por Vilalba Aberta, o partido assembleario que medrou nos anteriores comicios e que presenta un programa para gobernar en solitario. Fixo lista de novo o BNG, pero nesta ocasión con outro líder, Constantino Alvite.



A candidatura socialista (arriba) e a de Vilalba Aberta

**PARTIDO POPULAR.** O segundo partido máis votado nos anteriores comicios foi o PP. Tras perder a Alcaldía, o partido deu un xiro e iniciou un proceso de renovación que finalizou co nomeamento de Sandra Vázquez como líder do partido. Esta presentou a lista coa que concorrerá ás eleccións e avanzou unha parte dos seus obxectivos.

A candidata á alcaldía dixo aspirar a "construír un futuro para Vilalba" mediante "un camiño cheo de oportunidades, de proxectos e de iniciativas como as que caracterizaron os anteriores gobernos do PP".

"Temos claro que Vilalba non se entende sen os vilalbeses e un Goberno municipal non se pode concibir tampouco sen ter en conta aos seus veciños", asegurando que o seu proxecto

basease "na escoita e na toma en consideración" das opinións da veciñanza na medida en que "son eles os afectados ante calquera decisión que se tome ou medida que se poña en marcha".

Reivindicou neste sentido que a súa candidatura é "a alternativa para ofrecer aos vilalbeses un goberno estable, con capacidade de xestión e, sobre todo, con vontade política para escoitar a veciños, asociacións e entidades co obxectivo de construír unha Vilalba da que nos sintamos orgullosos e na que poidamos traballar e desenvolver as nosas vidas nas mellores condicións".

Destacando que as súas propostas "nacen da escoita" e baséanse na "xestión próxima e eficiente da Administración local", Sandra Vázquez

**SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA**

NEUMÁTICA  
HIDRÁULICA  
TRANSMISIÓN  
HERRAMIENTAS  
ACEITES  
MECANIZADOS

**TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO**

CUCHILLAS  
MUELLES  
CORREAS  
RODAMIENTOS

**TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS**

JOHN DEERE eni  
CEPSA  
BCS  
PETRONAS  
TIMKEN BZ  
BEZARRES S.A.

**Y PARA TU JARDÍN...**

ZEPPELIN  
ANOVA  
DUCATI

**RECAMBIOS Y SUMINISTROS**

Rúa do Freixo, P-53  
Pol. Ind. Sete Pontes  
27800 Vilalba - Lugo  
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656  
recambios@sesacar.com



marcouse como piares fundamentais a promoción dunha maior actividade económica, a prestación de servizos de calidade atendendo ás necesidades dos veciños e a atención ao rural”.

**VILALBA ABERTA.** Modesto Renda volve encabeza a lista deste partido asembleario e presentou a liña programática coa que se presenta aos comicios.

dun documento “traballado, contrastado e realista” e no que destacan as políticas efectivas de conciliación en beneficio das familias traballadoras; a aposta pola ampliación do chan industrial e a captación de empresas e postos de traballo; a definición dun novo marco de financiación para as parroquias ou a posta en marcha dun Centro de Procesamento dos produtos do agro, no que os produtores locais poidan procesar as súas colleitas sen necesidade de inversión.

A posibilidade dun cambio de sentido na “dirección imposta” na rúa da Pravia; a aposta estratéxica pola posta en valor zona vella; o incremento das prazas de aparcamento ou a creación dun Parque de Vivenda de Aluguer Social, pola vía da reactivación do expediente de desafectación das antigas vivendas de profesores de Quart de Poblet e o inicio dos trámites para acadar a titularidade municipal das casas de Legoeiros, complementan un Programa Electoral co que a formación municipalista agarda “rachar co bipartidismo inoperante” e situar a Vilalba “no lugar que lle corresponde como capitalidade comarcal”.

Tal e como explicou Renda, a ampliación do polígono (arredor de 300.000m2) complementarase coa posta a disposición de autónomos e empresas das 6 parcelas recibidas para uso industrial dentro do Plan de Sectorización de Entrepinares e a creación dun Viveiro de Empresas co fin de “axudar á mocidade que queira montar un negocio e non teña capacidade de alugar un local.”



Arriba, a lista electoral do Partido Popular e, abaixo, os responsables do BNG

Así mesmo, o programa recolle a creación dunha liña de bonificacións fiscais destinada a axudar á pequena e mediana empresa e a redacción dunha nova ordenanza de tramitación co fin de reducir e simplificar os trámites para a obtención de licenzas de actividade, funcionamento, obras, etc..

Para axudar á xente moza á emanciparse, VA promoverá a mobilización de vivenda baleira en mans dos bancos pola vía da adhesión Pacto de Vivenda de Galicia e a colaboración coas propias entidades financeiras, seguindo o exemplo de Ames.

**BNG.** Tamén se estrea á fronte do BNG local Constantino Alvite. que busca recuperar a súa presenza na Corporación, que abandonou no 2019 tras catro anos en inferioridade con un único concelleiro.

Neste senso, o candidato nacionalista á alcaldía destacou “temos un

proxecto centrado e de futuro para a capital da Terra Chá, somos unha potencia enorme que precisa dinamizar o seu rural para converter a Vilalba na referencia da boa xestión e do desenvolvemento sostíbel, e contamos coas ferramentas e a capacidade de facelo posíbel” e remarcou “a candidatura do BNG é a alternativa necesaria para Vilalba, é o momento de poñer ás persoas no centro, de mellorar a vida da veciñanza, con coherencia, compromiso, entusiasmo e traballo”.

Subliñou “desde o BNG pensamos que a política hai que facela coa man tendida e con diálogo, cousa que até agora non se produciu en Vilalba, por isto, os eixos do Bloque fíxanse en construír un concello para as persoas desde a boa xestión, a mellora dos servizos á veciñanza e o apoio aos produtores e comerciantes locais; todo isto contribuirá ao desenvolvemento do noso potencial”.

## CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

### PP

1. Sandra Vázquez Domínguez
2. Álvaro Fraga Castro
3. Paula Gesto Díaz
4. Daniel Orosa Pico
5. Sandra López Rodríguez
6. José María García-Leira Boado
7. Patricia Teijeiro Álvarez
8. José Franco Criado
9. Amador Ángel Guerra Ramil
10. Aida de Vicente Debasa
11. Celine Fernández Janeiro
12. Miguel Debasa Pena
13. Félix Manuel Crego Fernández
14. Begoña Novo Eimil
15. Javier Castro Prado
16. Laura Millor Yáñez
17. José Antonio Pita Paz

### Suplentes

1. Miguel Ángel Fraga Prieto
2. Vanesa Rodríguez Carreiras
3. Eva Fuentes Prado
4. Eulogio Rodríguez Vivero
5. Carlos Rivas Cordal
6. Cristina Díaz Pernas
7. Fernando Gacio Freire
8. Gloria Bodenlle Bodenlle
9. Humberto Rouco Paz
10. Luz Rouco Rubiños

### PSOE

1. María Elba Veleiro Fernández
2. Marta María Rouco Seoane
3. Eduardo Vidal Baamonde
4. Paula Vigo Lamas
5. Luis Fernández Álvarez
6. Ignacio Criado Montenegro
7. Antía Rama Rivas
8. Daniel Vilasuso Comba
9. Vanesa Rut Siso Calvo
10. Miguel González Montes
11. Antonia Gudiño Sopa
12. Francisco Lozano Rouco
13. María Milagros Ares Basanta
14. Duarte Barrio Rego
15. Isabel Veiga Rañal
16. María Soledad dos Santos Gómez
17. Francisco José Monasterio Solveira

### Suplentes

1. Clara López Montes
2. Ángel Souto Rego
3. Antía Maseda Otero
4. Félix Aníbal Luaces Pena

### BNG

## VILALBA ABERTA

1. Modesto Renda Santiso
2. María Xosé Fernández Pardo
3. Tamara Rodríguez López
4. Mónica González Fernández
5. Carlos Xosé Currás Pico
6. Ana Paredes Rodríguez
7. José Luis Barrio Díaz
8. Nadia Río Fraga
9. Inés Poupariña Naseiro
10. Francisco Roca Fernández
11. María Jesús Ferreiro Ferreiro
12. María Pérez Iravedra
13. Iria Currás Gato
14. Xosé Lois Paz Miragaya
15. David Fanego Arenas
16. Yolanda Castro Fraga
17. Zeus Seijo Formoso

### Suplentes

1. Susana Pérez Fernández
2. María José Lamas Fernández
3. Jorge Valverde Rico

1. Constantino Alvite Muinelo
2. Mónica García Souto
3. Alfonso Baamonde Fernández
4. María do Carme Pernas Bermúdez
5. Lucas Otero Blanco
6. Iria Fernández Silva
7. Pablo Guizán Rey
8. Isabel Pernas Bermúdez
9. Anxo Fole Lamas
10. Carlos Cazón Rivas
11. María Pilar Prieto Pita
12. Xosé María Felpeto Enríquez
13. Luz Divina Souto Villares
14. Jesús García Souto
15. Antonio José González Fraga
16. Sabela Figueira Tenreiro
17. Víctor Rey Carballeira

### Suplentes

1. María Teresa Burgo García
2. María Carmen Bermúdez Lodeiro
3. Xosé Fernández Rodríguez
4. Santiago Jorquera Rodríguez
5. Xoán Francisco Baamonde García



## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874  
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.  
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993  
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

clínica TEST dental



# O PSOE quiere repetir mayoría pese a reducción da corporación

Para As Pontes este ano haberá un cambio significativo nas eleccións de maio, xa que perderá catro concelleiros. Así, ao tramo comprendido entre os 10.001 e os 20.000 habitantes correspóndelles 17 edís. Este era, ata o de agora, o caso das Pontes. Este ano, coa referencia poboacional do 1 de xaneiro, a localidade descende na súa poboación dos 10.000 (9.974), polo que pasará de contar con 17 concelleiros como ten na actualidade –12

**PSOE.** Fíxose esperar, pero finalmente Valentín González Formoso anunciou a súa intención de renovar como cabeza de lista do seu partido á Alcaldía das Pontes, na que leva desde 2007, catro anos en minoría e logo con superioridade no Pleno. E é que o xefe de filas dos socialistas galegos considera que As Pontes, o “complexo eléctrico galego por excelencia”, está inmerso nun proceso de transformación que necesita que todos poñan a “carne no asador” para “chegar a concretar uns proxectos” para esta localidade que “son ideas que están en tramitación pero aínda non están feitas realidade”.

Formoso compatibiliza o cargo de alcalde co de presidente da Deputación da Coruña e tamén co de líder dos socialistas de Galicia, pero como el mesmo di, “cada día percorremos 400, 500 quilómetros, sempre termino nas Pontes”.

Para o alcaldable socialistas entre os plans de futuro figura primeiro o desenvolvemento de chan industrial, a continuidade en todo o que ten que ver co desenvolvemento urbanístico da vila, a aprobación do Plan Xeral, pensando sobre todo no rural, e adoptar unha solución respecto aos maiores en canto a algunha cobertura no ámbito residencial. Tralo anuncio do peche da central na localidade, As Pontes viviu unha complicada lexislatura na que houbo que mirar cara outras formas de compensar a política.

“Esta decisión obrigounos a estar moi atentos ás liñas de transición

xusta, á redacción do convenio de transición ecolóxica co Ministerio e despois a mobilizar Roma con Santiago na busca, na facilitación e na captación de proxectos industriais na nosa vila, grandes, pequenos e medianos”, explica. Destaca tamén “a revolución urbanística nun concello ben descoñecido para aqueles que se foron da nosa vila hai 20 anos e que hoxe volven e atopan unha vila que aposta pola accesibilidade, o deseño urbano, que ten practicamente todas as rúas remodeladas, que está remodelando todos os seus equipamentos e practicamente non queda ningún por facer”.

**BNG.** O partido de máis respaldo na oposición é o BNG, que presenta unha candidatura totalmente nova liderada por Carmela Franco. A líder nacionalista fundamenta a súa campaña en cinco eixos fundamentais. Primeiro, queren un Fogar Municipal para os maiores na Cante IV, con máis de 120 prazas, con creación de emprego estable e de calidade, de propiedade e xestión públicas. Buscarán o asentamento das industrias tecnolóxicas da cadea de valor das renovables e un centro de I+D+i do Almacenamento Enerxético, entre outras medidas. Queren recuperar servizos públicos como a Oficina Municipal de Información á Consumidora, as 16 prazas da Policía Local a oficina da recadación próxima, presencial e local, etc. Finalmente apostan por uns servizos socio-sanitarios básicos, inclusivos e

descentralizados e actuacións concretas para a mocidade.

**PARTIDO POPULAR.** Cun único concelleiro na oposición, a dirección do Partido Popular avalou a María del Carmen Dopico Rodríguez como candidata do PP. Está convencida de que As Pontes merece “reactivarse” a nivel social e económico porque está nun “momento crucial” para asentar novos proxectos e crear emprego. A candidata xustificou a súa decisión de dar un paso á fronte no feito de que “as persoas que somos das Pontes, que vivimos nas Pontes e que sentimos As Pontes como algo moi noso, dóenos moito ver a perda de oportunidades que se está producindo nos últimos anos”. Neste sentido, Dopico, comprometeuse a abrir as portas da súa formación para acoller a todas as persoas que buscan e demandan un cambio no concello”.

descentralizados e actuacións concretas para a mocidade.

descentralizados e actuacións concretas para a mocidade.



Arriba, Valentín González e, abaixo, Carmela Franco e Carmen Dopico

## CANDIDATOS ELECCIÓN 2023

BNG	PSOE
1. Carmela Franco Caaveiro	1. Valentín González Formoso
2. Francisco da Silva Vello	2. Ana María Pena Purriños
3. María Jesús Romero Franco	3. Elena Lopez Seco
4. Diego Balsa Bellas	4. Roberto Rivera Rego
5. Emma Lamas Maceira	5. Antonio Alonso Román
6. Daniel Balseiro Botana	6. María Tania Pardo Cabarcos
7. María Trastoy Rego	7. Lorena Tenreiro Blanco
8. Iago Foxo Bouza	8. Manuel Rodríguez López
9. Paula Carballo Blanco	9. Jesús Tembras Martínez
10. Iván Alen Lopez	10. José Ramón Alonso Martínez
11. Eufemia Anidos Tembras	11. Lara María Bouza Fernández
12. Alba García Bouza	12. Joel Carballeira Orjales
13. Fermín Alberto Paz Lamigueiro	13. Manuela Vilaboy Romero
<b>Suplentes</b>	<b>Suplentes</b>
1. Iolanda Antón Ladra	1. Andrea Cazás Chao
2. Xosé Anxo Sánchez Tallon, Anxel	2. Andrea Montero Peteira
3. Ofelia Bermudez Vizcaíno	3. Roberto López López
4. Alberto da Silva Castro	4. Vanesa Pernas Seoane
5. María Josefa Blanco Antelo	5. Yari Pena Balsa
6. Celso Barro García	6. Sandra Martínez Blanco
7. América Montserrat Balsa Sanjuan	7. María Isabel Fornos Corral
8. Benito Rivas Almeida	
9. María Felicita Pena Carballo	
10. Ramón Gato Bañobre	

## PP

1. María Carmen Dopico Rodríguez
  2. Fernando Vilaboy Ledo
  3. David Rivera Fernández
  4. María Casal Vega
  5. María Pico García
  6. Carlos Manuel Porto Basoa
  7. Elena Tenreiro Arcos
  8. Beatriz Bellas Candamil
  9. Daniel Fraga Calvo
  10. Vicente Cabarcos Dopico
  11. María de la Luz Muñoz González
  12. Lino Luaces Piñeiro
  13. Jesús Manuel Pérez Corgos
- Suplentes**
1. Jesús Francisco Blanco Prieto
  2. Berta Ruiz Garate
  3. Elisa Rivera Pena
  4. Ricardo Liñares Rosende
  5. Ana María Anillo Perez











**POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA**

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus



# CONCURSO de MÚSICA LOCAL

para GRUPOS, ASOCIACIÓNs, SOLISTAS, DÚOS... do CONCELLO de VILALBA

CALQUERA XÉNERO MUSICAL, con LETRA e MÚSICA ORIXINAL

**DATA LÍMITE ata o 30 de XUÑO de 2023**

PRIMEIRO PREMIO: 1.000€  
SEGUNDO PREMIO: 500€  
TERCEIRO PREMIO: 200€

MÁS INFO: [www.vilalba.gal](http://www.vilalba.gal)

Concello de Vilalba

# XLIX premio de Poesía

do Certame Literario do Concello de Vilalba

prazo: ata o 9 de xuño de 2023

premio: 7.000€

bases:  
[www.vilalba.gal](http://www.vilalba.gal)  
[www.certamedevilalba.org](http://www.certamedevilalba.org)

Concello de Vilalba

# VII PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

DE ORATORIA VITALICIA E XUVENIL POLA IGUALDADE

**VILALBA**  
PRAZO DE RECEPCIÓN DE ORIXINAIS DO 23-04 AO 12-07-2023

Más información en: [estudiodetextos.gal](http://estudiodetextos.gal)  
[vilalba.org](http://vilalba.org) [www.vilalba.gal](http://www.vilalba.gal)

lescha  
Concello de Vilalba

XERAIS



# Tres partidos contra a maioría que trouxo Balado para o PP

Catro listas presentáronse este ano ás eleccións municipais en Castro de Rei. Ás tres forzas políticas habituais, súmase unha lista de VOX, que logrou xuntar trece candidatos. Desde 2007 neste concello non se obtivo representación de ningún outro partido que non foran os tres. Ademais, desde que Francisco Balado se presentou aos comicios no 2011 leva encadeando vitorias cunha importante vantaxe sobre o resto. A porcentaxe de 8 concelleiros do PP, 4 do PSOE e 1 do BNG leva manténdose desde ese mesmo ano. Mentres repite Balado, cambian os líderes dos dous grupos principais da oposición.

**PARTIDO POPULAR.** Francisco Balado, o que é alcalde desde hai doce anos volve encabezar as filas populares cunha lista completa de 13 concelleiros elixibles e tres suplentes e con figuras coñecidas do seu partido. Balado defendeu o seu equipo como “unha lista de xente traballadora, de xente de a pé, que cre nos principios que inspiran ao Partido Popular e no seu proxecto político, en todos os ámbitos e sinaladamente no local”.

O alcaldable avanzou como principais liñas programáticas impulsar a creación de máis solo industrial no parque de Castro Ribeiras de Lea e o incremento da participación en plans integrados de emprego, aumentando con elo a elevada cifra acadada neste mandato de persoas empregadas nas industrias asentadas.

En materia de conciliación laboral e familiar, apostan por aumentar o servizo de madrugadores, construír un ximnasio no CEIP Veleiro Docampo e polo acondicionamento exterior do CEIP Ramón Falcón, ademais do reforzo dos servizos de Dependencia e do SAF. Polo que respecta ao eido deportivo, o adiantou a ampliación dos campamentos de verán e programación de ocio, a construción dunha nova pista de pádel, parques infantís nos colexios e un novo polideportivo; complementado as actuacións executadas nestes anos como o campo de adestramento de fútbol ou a instalación de parques biosaudables.

As infraestruturas tamén están no centro do programa dos populares. Balado detallou o impulso de

novas concentracións parcelarias en Triabá e Viladonga, a reforma da Edar do parque industrial, e a mellora e ampliación da rede abastecemento. “Todo iso, dixo, súmase ao millón de euros que xa investimos na rede de abastecemento de preto de 20 parroquias e na depuradora urbana de Castro Ribeiras de Lea, ademais dos 2 millóns para acondicionar os accesos aos núcleos de poboación”. No apartado de cultura, o programa contempla seguir rehabilitando os elementos arquitectónicos e etnográficos do municipio.

**PSOE.** No PSOE está Alba Sinde Paz, de 21 anos de idade e estudante de último curso de Ciencias Políticas. A candidata socialista afronta esta oportunidade con moita ilusión e moitas ganas, sobre todo de conseguir un cambio, de axudar a levantar Castro de Rei. O meu obxectivo principal é poñelo no mapa e loitar pola xente nova e que poida estar orgullosa do noso concello”.

Afirma a candidata socialista que “non se está facendo practicamente nada e aquilo que se fai é financiado pola Deputación Provincial de Lugo” polo que ten “a ilusión de cambiar o seu pobo, quere estar cerca da xente, escoitar os seus problemas, e darlle unha oportunidade a Castro de Rei porque é evidente que ata o de agora está paralizado”, di.

Alba Sinde quere estar “cerca da xente, próxima ás súas necesidades” e por iso, avanzou, “unha das primeiras accións que faremos será percorrer o concello para co-

## CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

BNG
1. Olga García Portela
2. Digna María Lagarón Doval
3. Adrián Rodríguez Rancaño
4. María Xosé Fernández Covos
5. David Vivero Novo
6. Iria Corredoira García
7. Manuel Anllo Canto
8. Natalia Alonso Freire
9. José Luís Fernández García
10. Ana Belén Veiga Teijeiro
11. Alfonso Legaspi Veiga
12. María Loli Linares Fernández
13. Germán Naval Lage
<b>Suplentes</b>
1. María Angelines Freire Castro
2. Carlos A. Rodríguez Rodríguez
3. Serafín Carballo Carballeira



Arriba, Francisco Balado e, abaixo, Alba Sinde, Olga García e Álvaro Filgueiras

ñecemos todos, as necesidades dos veciños, e estar aí para eles”.

**BNG.** Pola súa parte, o BNG elixiu a Olga García Portela para encabezar o proxecto do BNG, substituíndo así a Digna Lagarón, que seguirá segunda. “O BNG defenderá servizos públicos, como fixemos coa sanidade pública do concello, e desenvolveremos todas potencialidades de Castro de Rei nun proxecto que ilusione, con cohe-

PSOE
1. Alba Sinde Paz
2. José Luis Castro Tellado
3. María Josefa Folgueira Lage
4. Carlos Sinde Basanta
5. Ana María Canto Rodríguez
6. Sergio Peteira Iglesias
7. Trinidad Castro Docando
8. Juan José Díaz Valiño
9. Lucía Tojeiro Lamas
10. José María Campo Castro
11. Marisa Rodríguez Gigán
12. Mario Saavedra Pérez
13. Iria Campo Piñeiro
<b>Suplentes</b>
1. José Carballeira Valiña
2. Marta Lorenzo Veiga
3. Luis Veiga Veiga



Arriba, Francisco Balado e, abaixo, Alba Sinde, Olga García e Álvaro Filgueiras

rencia, rigor e capacidade”, dixo a candidata.

Neste senso, a candidata subliñou “imos saír a por todas, o BNG está activo para producir un cambio en Castro de Rei, temos moi clara a nosa dirección, poñer no centro os intereses das veciñas e veciños”.

De igual xeito, Olga García destacou que “o BNG defenderá servizos públicos, como fixemos coa sanidade pública do concello, e desenvolveremos todas potencialidades

PP
1. Francisco Javier Balado Teijeiro
2. Roberto Lorenzo Fernández
3. Víctor Carrera Puente
4. Laura Campo Fernández
5. María Josefa López López
6. José Rielo Losada
7. José Luis García Barja
8. Marisol Gigán Díaz
9. María Edita Sinde Basanta
10. Juan José Pita Iravedra
11. Mónica Begoña González Cabana
12. José Ramón Vega Barja
13. Paula Sánchez Seoane
<b>Suplentes</b>
1. Josefa Mouriz Teijeiro
2. Ana Isabel Morandeira López
3. Pablo Prieto González

VOX
1. Álvaro Filgueiras Basanta
2. Iván Prado Pernas
3. María Isabel Costoya Cinza
4. María Isabel Vázquez del Río
5. Diego Fernández López
6. Raúl Montero Aguilar
7. María José Álvarez Balado
8. Rebeca González Ruiz
9. Carlos Martínez Tejedor
10. Isabel González Pedrero
11. Jose María Delgado Casielles
12. M <sup>a</sup> Concepción García Méndez
13. Susana López Taboada



de Castro de Rei nun proxecto que ilusione, con coherencia, rigor e capacidade”.

**VOX.** En Castro de Rei, VOX presenta como candidato a Álvaro Filgueiras Basanta, con ampla experiencia como axente comercial e xefe de vendas. Na actualidade é autónomo no sector de compra e venda de produtos electrónicos. De ter representación, sería a súa primeira experiencia na Corporación.

**O gato con botas**  
zapatería  
C/ Plácida Peña, 8 - Baño  
27800 Vilaalba (Lugo)  
Tel: 982516150

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**  
Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas  
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

**SERVICIOS AGROFORESTALES SEOANE**  
SERVICIOS AGROFORESTALES  
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



# PP e BNG buscan rematar coa maioría de Morandeira e o PSOE

Tras Vilalba, Guitiriz é a localidade máis poboada da Terra Chá. De feito, conta cunha corporación na que se escollen 13 persoas. Como curiosidade, pode dicirse que é un Concello que leva desde 1995 gobernado por mulleres, agás un período de catro anos, de 2011 a 2015. Coa socie-

dade dividida entre o PSOE e o PP, e a presenza de candidaturas independentes e minoritarias, tense producido alternancia de poder en varias ocasións. A alcaldesa actual, Marisol Morandeira, remata agora os primeiros catro anos de goberno, tras unha cómoda maioría absoluta.

**PSOE.** Marisol Morandeira preséntase á reelección tras catro anos de goberno en maioría obtido nas urnas. “Nestes anos traballamos a reo, sentamos as bases para que agora, no que vén, Guitiriz tome o impulso que necesita para medrar”, explicou, subliñando a política para as persoas como eixo da súa campaña xa que “como fixemos ata agora, a nosa política e a nosa forma de gobernar estará centrada no social, nas persoas, en facer melloras e investimentos para cambiar para ben o seu día a día”.

Morandeira tamén sinalou que “non se deixarán de lado outros eidos como o impulso ao sector primario, tan importante no noso municipio; o fomento do emprego, que terá un gran aliado na próxima e agardada reapertura do balneario; a aposta polo deporte e os nosos deportistas, que levan o nome de Guitiriz por Galicia, España e o mundo adiante; ou o pulo da nosa oferta cultural, que ano a ano está a medrar”. Definiu este primeiro ano de goberno como “unha unha experiencia impagable”. Para Morandeira, os eixes do seu proxecto baseáanse en “seguir a mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e continuar cos proxectos iniciados, como a ampliación do centro de día e do PAI ou a construción do centro de maiores”. Tamén aspiantan por seguir mellorando o turismo. “A reapertura do balneario, polos

postos que vai crear vai axudar a poñer en valor o patrimonio cultural e natural que temos”. No eido dos deportes afirmou que “imos traballar para consolidar todas as iniciativas que se puxeron en marcha”.

**PARTIDO POPULAR.** A oposición máis forte para os socialistas de Guitiriz están no PP, o segundo partido máis votado. Nestas eleccións, o partido presenta un novo candidato, José Manuel López Rodríguez. O obxectivo nestas vindeiras eleccións municipais e recuperar o goberno en Guitiriz. “A diferenza de votos é mínima, por iso cremos que con traballo serio e con rigor podemos lograr” e, para iso, amosa o seu total apoio ao candidato pois “ten un proxecto serio que devolverá á estabilidade”. López Rodríguez, popularmente coñecido como Portolamas, preséntase á alcaldía convencido de que o goberno local supuxo catro anos perdidos para o concello. “Dóeme ver como a alcaldesa abandonou o noso concello durante os últimos catro anos. Os nosos veciños merecen un concello que atenda todos os días do ano e no os deixen abandonados ata os días antes das eleccións.

**BNG.** Un concelleiro ten o BNG na corporación de Guitiriz pero os nacionalistas queren máis. “Imos a por todas, queremos darlle un xiro a este

concello para poñelo ao servizo da veciñanza, cun proxecto que faga avanzar e ilusionar a todas e todos”. Temos confianza para facer avanzar este concello desde o rigor, a boa xestión, a defensa dos servizos públicos e servizos sociais, a igualdade e dar pasos adiante nun concello máis próspero e xusto”

“Contamos cun proxecto ambicioso pero asentado baixo un eixo fundamental as persoas, por isto, sempre temos en conta que para xerar máis dinamismo e futuro, é preciso garantir uns servizos públicos de calidade”.



Marisol Morandeira e Mónica Roca, arriba, e José Manuel López, abaixo



## CANDIDATOS ELECCIÓN 2023

### PSOE

1. María Sol Morandeira Morandeira
  2. Paula Campo Barral
  3. Iván Morado Corral
  4. Carlos Plácido Buján López
  5. María del Pilar Vázquez Ares
  6. Ramón Rivas Villares
  7. Sofía Sánchez Miragaya
  8. Rubén García Oseira
  9. Marco Antonio Castro Díaz
  10. Tamara García Andón
  11. Ángel Varela Río
  12. María Pilar Piñeiro Redondo
  13. Javier Freire Caamaño
- Suplentes**

1. José María Vázquez Ares
2. María Begoña Miraz Díaz

### BNG

1. Mónica Roca Ares
  2. Alfonso Losada Rodríguez
  3. José Luis González Souto
  4. Luis Víctor Corbelle Sanroman
  5. Andrea García Miragaya
  6. María Pérez Ferreiro
  7. Jesús Javier Varela Quintas
  8. Noemí Romero Costa
  9. Josefa Paz Castro
  10. Roberto A. Santamariña Amenedo
  11. Ana Rosende Fernández
  12. Xurxo López Calvo
  13. Andres Alotón Pérez García
- Suplentes**

1. María Beatriz Ferreiro Tallón
2. Sabela Valiño Sánchez
3. Manuel Xesús Figueira Mancebo

### PP

1. José Manuel López Rodríguez
  2. Alexandre Losada Buide
  3. María Margarita Pereira López
  4. María Guadalupe Prado Tomé
  5. María Consuelo Raposo Cabo
  6. Roberto Fernández Buján
  7. Rebeca Tena Abuíñ
  8. María José González Roca
  9. José Luis López Vázquez
  10. Alzira C. Trindade de Almeida
  11. María Nieves López Rodríguez
  12. Ángel Lobeiras Paz
  13. Casimiro Avelino Ares López
- Suplentes**

1. Ana Rodríguez Buján
2. Manuel Castro Rico

## VII romaxe artesá da chaira

A VEIGA.MURAS

mostras de artesanía . mostras de oficios . xogos tradicionais . circo charlas . gastronomía . música . baile . obradoiros . fotografía clásica

COAS ACTUACIÓNS DE

### luar na lubre caamaño&ameixeiras uxía lambona louband

MAIO | 27 | 2023

ORGANIZA: MURAS CONCELLO DE GUITIRIZ

COLABORA: COLABORA: INSTITUCIÓN PLUCO

www.muras.gp



# Pardo sostén unha maioría absoluta con 25 anos de historia

José Pardo Lombao, un dos alcaldes máis lonxevos da provincia, enfróntase un ano máis a defender o seu bastión popular, nesta ocasión ante tres partidos máis. Na oposición están situado con máis relevancia electoral o BNG. Xosé Ferreiro volverá a encabezar por terceira vez a candidatura do BNG en Outeiro de Rei, esperando que o BNG continúe na liña ascendente das dúas convocatorias anteriores, acadando así a maioría suficiente para que en Outeiro de Rei se produza o cambio. Tamén repite a candidata socialista, María del Carmen Acacio, cunha renovada lista.

**PARTIDO POPULAR.** José Pardo Lombao, gandeiro de profesión, incorporouse á actividade política en 1983 como concelleiro polo PPdeG e en 1998 foi elixido alcalde en substitución de Antonio Varela Rodríguez. Nas eleccións municipais de 1999 encabezou a candidatura do PPdeG e foi elixido alcalde con maioría absoluta. Continuou como alcalde nas sucesivas convocatorias electorais, sempre con maioría absoluta, unha maioría que foi crecendo sempre.

Para Lombao, un dos logros importantes desta lexislatura que remata foi o centro de día, que se fará en tres fases. A primeira xa está rematada, que foi a compra do edificio e agora están a rehabilitala.

Para o alcalde, o principal reto e seguir traballando na mesma liña e rematar proxectos en marcha como o centro BTT de Santa Isabel ou as melloras no abastecemento de auga. Queren tamén facer unha depuradora de augas residuais. “Temos a vantaxe de ter unha estabilidade no goberno, o que nos permitiu desenvolver proxectos a longo prazo e iso é importante”, dixo.

**BNG.** Xosé Ferreiro volverá a encabezar por terceira vez a candidatura do BNG en Outeiro de Rei, esperando que o BNG continúe na liña ascendente das dúas convocatorias anteriores, acadando así a maioría

suficiente para que en Outeiro de Rei se produza o cambio. As principais liñas de traballo que se marcan comezarían “por ter unha xestión municipal transparente, garantindo que calquera persoa ou empresa teña as mesmas oportunidades de traballar no concello”.

Este partido obtivo un crecemento importante en intención de votos nas últimas eleccións, na que se escollían por segunda vez 13 concelleiros xa que no 2015 rexistrou un aumento de poboación importante cambiando o rexistro. Tamén queren levar adiante un plan urbanístico “sostíbel e para as persoas, permitindo que todas as parroquias teñan as mesmas oportunidades de medrar, así coma acceso aos mesmos servizos; regular uns impostos e conseguir uns servizos públicos propios do século XXI”.

**PSOE.** Tamén repite a candidata socialista, María del Carmen Acacio, cunha renovada lista coa que pretende buscar máis representación e loitar conxuntamente contra o liderado do alcalde actual.

“Comprométome firmemente en buscar políticas nas que os dereitos e o benestar sexan o centro de actuación, gobernaremos doutro xeito, con eficacia, responsabilidade, sensibilidade, proximidade e solidariedade, buscando incentivar o emprego, a educación e a cultura e prestando

## CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

### PSOE

1. María del Carmen Acacio López
2. Carlos Méndez Castro
3. Efraím Díaz Vázquez
4. David Iglesias Díaz
5. María Luisa Meilán Lombao
6. José Manuel Carral Méndez
7. José Luis Iglesias Fontela
8. Manuel Varela Granda
9. Isabel Méndez Rodríguez
10. María Dolores Vieiro Núñez
11. Miguel Ángel López Varela
12. María del Carmen López Rivas
13. María Sagrario Couto Diz

#### Suplentes

1. Luis Martínez Roibás
2. Lorena Ceide Santos

### INDEPENDENTES

1. José Manuel López Castro
2. Álvaro García Folgueira
3. Félix Fernández Gallego
4. María Rosa Folgueira Porto
5. María Luisa Pájaro Vázquez
6. José Manuel Expósito Núñez
7. Mónica Viña Veiga
8. Gloria Elena Rendón Ramírez
9. Alberto Gallego Núñez
10. Marta Viña Veiga
11. Manuel Freire Freire
12. María López Roibás
13. Ana María Guizán Pernas

### Actualmente, o partido máis forte na oposición é o BNG

apoio a maiores e persoas con discapacidade. Crearemos políticas para xente nova”.

**INDEPENDENTES.** Os independentes xa se presentaron na anterior lexislatura e estaban liderados tamén por José Manuel López Castro cunha lista non moi diferente á que levaron no 2015. Nesta ocasión non se presentarán dous partidos que estiveron presentes nos anteriores comicios, Ciudadanos e FLI, este partido formouse por unha división interna. Ningún dos dous logrou sumar concelleiros.

### BNG

1. Xosé Ferreiro Fernández
2. Elvira Lombao Vila
3. Miguel Vieito Villar
4. Noelia Pardeiro Fompedriña
5. Luís Fernando Regueiro Otero
6. Rita Castedo Meilán
7. Daniel Prado Rielo
8. María de Román Fuenteseca
9. José Luís Vigo Carballeira
10. Eva Sarceda Rubinos
11. Javier Fernández Méndez
12. Xosé Ramón Rodríguez Iglesias
13. Lara Pita Buezas

#### Suplentes

1. Ramón Xoán Parga Vázquez
2. M<sup>a</sup> Montserrat Tubío Fernández
3. Orlando Vivero Veiga
4. Ángel Cobas Folgueira
5. Estefanía Méndez López
6. Davinia Rubinos Regueiro
7. Xoán Manuel Tubío Fernández
8. Dulce María Neira Fraga
9. Arcadio Lombao Román
10. Francisco X. Molinos Campos

### PP

1. José Pardo Lombao
2. María Begoña Seco Varela
3. José Yebra Amorín
4. Pilar Méndez Lombao
5. Jesús Fernández García
6. María José Martínez Vigo
7. Fermín López González
8. Tania Díaz Seijas
9. Luis Alfonso Trigo Fernández
10. María Paz Pernas Hombreiro
11. Diego González Rifón
12. María Luisa Núñez Ceide
13. Pablo Espiño Bellón

#### Suplentes

1. Ana Barreiro Pernas
2. Alfonso Vilanova Roibás
3. María Dulcina Viña Viña
4. Pablo Illán Montouto
5. María Herminia Díaz Díaz
6. Antonio López Pérez
7. María Dombina Gadín Abelleira
8. Manuel Fraga Martínez
9. Verónica Fernández Núñez
10. Alfonso Rivas Fernández



Arriba, José Pardo Lombao e, abaixo, Xosé Ferreiro e Carmen Acacio





17 DE MAIO 2023

# Día das Letras Galegas”

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO







Armando Castosa, Daniel Irimia e Afonso Olegario Aguiar, candidatos das tres forzas que concorren ás eleccións

## Dúas caras novas na oposición a 32 anos de goberno de Castosa

Outro dos alcaldes que acumulan xa décadas no poder é Armando Castosa, que accedeu á Alcaldía en 1991. Este político, que tivo unha maioría forte historicamente, mantivo o cargo nos dous últimos anos pola mínima. No 2015 o concello pasou de ter 13 concelleiros a 11 e con isto apre-

ciuse un cambio de tendencia no voto, obtendo a maioría absoluta con 6 concelleiros fronte aos 5 da oposición. Do outro lado, dous candidatos novos. No PSOE Daniel Irimia pasa a ser o líder trala retirada de Rosa Morán e Afonso Olegario Aguiar chega no lugar de Yolanda García.

**PARTIDO POPULAR.** Armando Castosa opta de novo á reelección como alcalde de Cospeito polo Partido Popular co compromiso de “seguir traballando en favor dos intereses dos veciños e seguir desenvolvendo proxectos no ámbito dos servizos sociais, medioambientais, educativo, culturais, deportivo, de infraestruturas e de servizos que agora mesmo están en marcha para seguir facendo de Cospeito un lugar con calidade de vida e benestar en base a estas ideas. Igualmente, definiu ao seu equipo como “capaz e comprometido co noso municipio e coa organización política”.

O candidato dos populares már-

case esta nova legislatura como obxectivo “seguir traballando desde a humildade, escoitando a todos e así dar continuidade a un goberno de maiorías, ampliando o noso proxecto político para continuar gobernando o municipio con estabilidade e puxanza”, expuxo Castosa.

Con esta ideoloxía aspira a facerse coa novena legislatura apoiado polo seu partido e por unha lista nova pero sen moitos cambios en esencia.

**PSOE.** Daniel Irimia, investigador, escritor e poeta, será o candidato do PSdG á alcaldía de Cospeito nas vindeiras eleccións despois da re-

tirada de Rosa Morán da primeira liña política.

Irimia asegurou que se abre unha nova etapa en Cospeito, que afronta, subliña, “con moita ilusión, con moitas ganas de traer e de facer cousas concretas no meu concello, de poñelo á altura dos municipios veciños en canto a infraestruturas básicas e de superar o estancamento e o abandono do actual goberno municipal”.

Explicou que quere “revitalizar Cospeito, dinamizar o rural e desenvolver políticas que axuden a asentar poboación será a columna vertebral do noso programa electoral para facer de Cospeito o corazón da Terra Chá”. Nese sentido,

### CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

#### PSOE

1. Daniel Irimia Yáñez
2. María González Castro
3. Pablo Alvaríño Vázquez
4. Beatriz Díaz Pérez
5. José Ramón Chao Iglesias
6. Isabel Carral Fraga
7. Álvaro Anllo Folgueira
8. Sonia Muínelo Fernández
9. José Manuel Gómez Verdes
10. Alfonso Alonso Vigo
11. Rosa Morán Luaces

#### Suplentes

1. María Avelina García Alvaríño
2. Ramón Vázquez Rodríguez
3. María Carmen Nodar Domínguez
4. José Rodríguez Blanco

#### PP

1. Armando Castosa Alvaríño
2. Natividad Miguélez Castro
3. Fernando Carreiras González
4. Iván Méndez Flores
5. María Elena Veiga Castro
6. María José Paredes Yáñez
7. José Veiga Fernández
8. Ana Iglesias González
9. María Teresa Paredes Rábade
10. Brais Cruña Pardiño
11. Alba García Salgado

#### Suplentes

1. Rocío García Corbelle
2. Ana Cabana Anllo
3. Néstor López Álvarez
4. José Díaz Rodríguez
5. Gaspar Pedreira Cordal
6. Josefa Lamas Martínez
7. Marcos González Losada

#### BNG

1. Alfonso Olegario Aguiar Ballesteros
2. José Barreira Alonso
3. María Montserrat Santiso Bello
4. María Isabel Teijeiro Murias
5. Carlos Montero Basadre
6. María Yolanda García Cabana
7. María José Neira Maseda
8. Miguel Lozano González
9. Lidia López Teijeiro
10. David García Iglesias
11. Nuria Castro Vila

anunciou tamén que presentará unha candidatura “renovada, con xente preparada e, sobre todo, pegada ó pobo”.

Engade este candidato socialistas que “farei o que sexa necesario con tal de traer cousas para Cospeito e modernizalo”.

**BNG.** A persoa elixida por unanimidade pola asemblea do BNG foi Afonso Olegario Aguiar Ballesteros, de 37 anos, traballador do transporte e gandeiro.

Afonso Olegario Aguiar anunciou



que “o BNG ten claro o seu proxecto, o que é capaz de levar adiante en Cospeito grandes avances para ser a referencia da vida no rural, con confianza nas súas potencialidades e afondando na mellora da vida da súa veciñanza”.

Neste senso, a candidato do BNG á Alcaldía de Cospeito destacou “o modelo do BNG para os concellos é claro, producir grandes avances con rigor, coherencia, boa xestión e transparencia, os que garanten á veciñanza máis dereitos e máis servizos públicos de calidade”.

### CONSTRUCCIÓN

Servicio de camións grúa para transporte de materiais e áridos para particulares e empresas.

Retroexcavadora de un tonelada para traballos de difícil acceso e interiores de casas.

- DESATASCOS CON MÁQUINA DE ALTA PRESIÓN • FONTANERÍA • ELECTRICIDAD • COMPRA Y VENTA DE INMUEBLES
- SERVICIO DE CAMIÓN CON CANASTILLA
- MOVIMIENTO DE TIERRA • REFORMAS INTEGRALES • RETRO Y MINI EXCAVADORAS • ALBAÑILERÍA
- LIMPIEZA Y PINTURA DE FACHADAS
- SUSTITUCIÓN, LAVADO Y REPARACIÓN DE TEJADOS



Desde 1971 materializando sueños  
A nivel nacional e internacional



AVDA. GALICIA 11 - VILALBA  
Tfno.: 633 305 451 / 982 162 919  
info@intergallego.com

### MULTITIENDA

Nueva multitienda en Vilalba, donde encontrará inciensos de la India, cartas de tarot, péndulos de cuarzo, gemas, aceites para dolores, regalos, aromaterapia, bisutería desde 1€, jabones artesanales, bombitas de baño, champú sólido, bolsos, productos espirituales, velas con oraciones, talismanes, amuletos, pulseras y colgantes protectores, spray auricos, fregasuelos espirituales etc.

**Distribuidor oficial y exclusivo en Vilalba de CBD**  
Horario de lunes a viernes de 9:30 a 13:30 y de 16:30 a 20:30h.  
Sábados de 9:30 a 13:30h.  
Domingos de feria de 10 a 14h.



# José Ángel Santos defenderá o bastión máis forte dos populares

Con dez concelleiros dos 11 posibles, José Ángel Santos goberna o concello de Friol practicamente en solitario despois de que nas anteriores eleccións conseguise aumentar dous concelleiros máis a conta do PSOE. O PP goberna desde 1991, tras 6 lexislaturas de Antonio Muíña e dúas do actual rexedor, que aspira a revalidar os

resultados obtidos no 2019. Polo PSOE, Ana María Pardo Lorenzo fixo efectiva a súa candidatura o último día cunha listaxe coa que pretende a maioría que ten Santos. Polo BNG, non ten representación desde 2011, preséntase Ada Blanco, unha das candidatas máis novas que hai en Galicia.

**PARTIDO POPULAR.** O actual alcalde de Friol, José Ángel Santos, nacido nesta localidade no ano 1980 e veciño da parroquia de Nodar, é técnico capataz agrícola, gandeiro de profesión e titular dunha explotación de produción de leite.

Santos volve encabezar a lista popular pensada para xestionar e gobernar Friol segundo comenta "unha xestión pública moderna e adaptada aos novos tempos, unha maneira de facer política por e para os veciños". composta por 21 veciños e veciñas de diferentes idades e profesións, e que representan a maioría do territorio municipal. O que é un dos alcaldes cunha maioría máis ampla de Galicia, ten como obxectivo revalidar resultados para xestionar e gobernar Friol "cunha xestión pública moderna e adaptada aos novos tempos, unha maneira de facer política por e para os veciños".

"Prometemos unha xestión na mesma liña do que estamos a facer nos últimos anos, pois vemos que está a dar bos resultados para o noso pobo, así que seguiremos loitando por aquilo que nos pertence, mantendo os mesmos principios de xestión pública polo que se nos caracteriza e que tivemos desde o primeiro día de goberno", afirma.



**PSOE.** Pero non estará só ante as urnas, xa que o PSOE presentou unha nova lista, que se fixo pública un día antes do peche da inscrición e que lidera Ana María Pardo Lorenzo. Trátase dunha listaxe completamente nova na que non está tampouco o concelleiro que ocupou o escano socialista Yon Penas. A candidata socialista quere traballar "para que os nosos fillos se queden aquí e iso ten que facerse tendo todas as comodidades a vantaxes en transportes, en comunicacións".

Propón traballar por ter lugares de ocio saudable, por ofrecer servizos aos maiores e impulsar o tecido empresarial, "e unha normativa urbanística do século XXI".

**BNG.** O BNG volverá presentar lista este ano. Ada Blanco toma o lugar de María do Mar Pérez Fra no nú-

mero 1. Unha muller de 19 anos, natural da parroquia de Condes e traballadora da explotación familiar de leite en ecolóxico. É, sen dúbida, unha das candidatas máis novas do panorama político. "Asumo este reto con toda a ilusión de poder traballar para mellorar Friol, e o BNG está preparado para poder acadar de novo a representación no Concello", explica.

"Temos confianza na capacidade de Friol para poder traballar e vivir aquí, desde o rural temos un milleiro de oportunidades de xerar futuro e que a xente moza, coma min, vexa con esperanza un proxecto de vida e traballo desde aquí, por iso, saímos a por todas", engade.



## CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

### PP

1. Jose Ángel Santos Sánchez
2. María Ángeles Buján Burgo
3. Enrique Barreiro Sánchez
4. Jesús Julio Cortiña López
5. Nuria Vázquez Argerey
6. Felipe Barata Villapol
7. Juan Carlos Casal Pena
8. María Ángeles Pilar López López
9. Juan Ramón Varela López
10. Nerea Campo Fariñas
11. Cristina Viador Lameiro

### Suplentes

1. Rebeca Corral Rodríguez
2. Cristina Prieto Iglesias
3. David Longarela Rodríguez
4. Felipe López Cabado
5. Rocío García Regueiro
6. Nerea Cobas Loureiro
7. Aurelio Pena Iglesias
8. Iria Penas Murujosa
9. Álvaro Castedo González
10. María Esther Sánchez Barreiro

### PSOE

1. Ana María Pardo Lorenzo
2. Amador Rodríguez Varela
3. Víctor Manuel Gallego Rivas
4. María Jesús Agruña García
5. Perfecto Doutón López
6. Pedro Antonio Martín Minguela
7. Laura Rivas Ares
8. Miguel Caloto Conde
9. Sabela Thais Sanjurjo Varela
10. Manuel Cobas Pena
11. Áurea Fe Inesia Lorenzo Prieto

### Suplentes

1. Susana Carballado Portela

### BNG

1. Ada Blanco Rodríguez
2. María do Mar Pérez Fra
3. María Murujosa Rivas
4. Denis González Peteiro
5. Xosé Antón Sánchez Grande
6. María Dolores López Cayón
7. Xavier Rebolo Jul
8. Cristhian Fajardo Lamas
9. José Antonio Roibás Redondo
10. María Marta López Devesa
11. M<sup>a</sup> Concepción Blanco Montecelos

**O alcalde logrou no 2019 10 dos 11 concelleiros en liza co 81% do escrutinio**



De esquerda a dereita, José Ángel Santos, Ana María Pardo e Ada Blanco

**SOMOS EMPRESA DE COLOCACIÓN**

INSCRÍBETE COMO **EMPRESA OFERTANTE** EN NUESTRA WEB Y TE AYUDAREMOS A ENCONTRAR LOS MEJORES PERFILES PARA TU NEGOCIO

INSCRÍBETE COMO **DEMANDANTE DE EMPLEO** EN NUESTRA WEB Y TE AYUDAREMOS A ENCONTRAR TU EMPRESA IDEAL

estudios rafer 982 222 649 formacion@estudiosrafer.com

**Pe iníciate ENFOCA O TEU FUTURO**

**CURSOS PARA JÓVENES DE ENTRE 16 Y 30 AÑOS 100% GRATUITOS EN MATERIA DE DIGITALIZACIÓN**

COMUNITY MANAGER Y MARKETING DIGITAL

PERSONAL TÉCNICO PARA LA DIGITALIACION DE PYMES Y AUTÓNOMOS

PERSONAL TÉCNICO DE LICITACIONES PÚBLICAS

CURSO DIGITAL DE COMERCIO Y MARKETING

MARKETING DIGITAL Y REDES SOCIALES

EXPERTO EN CIBERSEGURIDAD

**¡Y MUCHOS MÁIS!**

INSCRIPCIONES EN [WWW.EMPLEOJOVENLUGO.ES](http://WWW.EMPLEOJOVENLUGO.ES)

UNIÓN EUROPEA Fondo Social Europeo Iniciativa de Empleo Juvenil



# O PSOE tenta parar o crecemento do PP e o BNG quere regresar

Os tres partidos maioritarios preséntanse este ano para competir polos once escanos da Corporación Municipal. José Ulla, alcalde desde o ano 2011, volve liderar un grupo popular que foi medrando en votos desde esa mesma data ás costas dun PSOE que foi como único representante da

**PARTIDO POPULAR.** José Ulla quere volver a ser alcalde de Begonte e para iso presentou unha lista paritaria, que segue contando cos actuais edís, que segundo destacou Ulla, “realizaron un traballo excelente durante estes catro anos, e o que funciona non hai que cambialo”. Destaca a incorporación no 7º posto da única novidade, Ruth Couso Geada. Ulla manifestou que se presenta coa ilusión de seguir afondando na mellora dos servizos e a calidade de vida da totalidade de veciños e veciñas. “Somos o único partido que ten un proxecto para Begonte, fronte a improvisación e a falta de ideas do resto de forzas políticas. Somos os únicos que poñemos a veciñanza por diante dos intereses políticos e partidistas e temos a garantía de ter cumprido coa palabra dada, tal e como fixemos nos últimos anos”.

Este veterinario de profesión comezou como concelleiro no ano 1999 e foi membro do equipo de Goberno entre 2007 e 2011, cando foi elixido voceiro e finalmente gañou as eleccións. Con Ulla chegou a maioría popular xa que José Antonio Vázquez García, o anterior mandatario, foi alcalde durante catro anos nos que gobernou grazas a un pacto co PSOE e o BNG xa que tiña maioría relativa.

**PSOE.** A actual voceira do PSdeG, cargo ao que accedeu en 2019, Susa-

na Ferreiro Vázquez, volve ser a candidata dos socialistas. “Queremos recuperar servizos para que Begonte recupere o seu futuro. E querémolo facer escoitando a todos: ós pais que reclaman a súa escola; ós maiores que precisan máis atención pública; ós doentes que queren ser atendidos no concello; ós veciños e empresarios que piden transparencia na xestión dos fondos públicos”, afirma. “Neste mandato Begonte foi noticia polo peche inxustificable e caprichoso dun colexio público. Eu quero que no futuro xeremos noticias positivas” recalca Susana.

“Os socialistas presentámonos cun programa ilusionante, elaborado logo de escoitar as demandas de veciños, colectivos sociais e asociacións. Un programa racional, de medidas concretas, pensadas para Begonte e os seus veciños, que imos levar adiante con transparencia”, di,



oposición, xa que o BNG quedou fóra no 2015, e os grupos minoritarios que tiñan representación tamén desapareceron, pero con anterioridade. Este ano, repiten os dous líderes dos grupos con representación e aparece un equipo novo entre os nacionalistas.

**BNG.** O BNG renovou co obxectivo de volver á Corporación, da que desapareceu no 2015. Tampouco logrou o número de votos necesario no 2019 e agora Pablo Ares lidera o grupo cun obxectivo claro. “Begonte ten todo por gañar e a candidatura do BNG será quen active este concello, é necesario aplicar emoción e compromiso para revitalizar o noso rural, promover a creación de emprego, mellorar os servizos públicos, e sempre baixo a coherencia e a transparencia á hora de gobernar”, dixo.

Define o seu programa como “cheo de propostas para mellorar a calidade de vida da veciñanza para crear un Begonte máis xusto, con máis dinamismo.

“O BNG é a única forza que vai desenvolver un proxecto que ilusione e poña funcionar todas as capacidades que posúe Begonte”, conclúe.



Susana Ferreiro e Pablo Ares (arriba), e a candidatura popular (abaixo)

## CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

### PP

1. José Ulla Rocha
2. Luis Luaña Castelo
3. Sonia Varela García
4. María Aurora Braña Veiga
5. Ramiro Parga Coira
6. Marta Lombao Gómez
7. Ruth Couso Geada
8. José Manuel Rábade Cacharrón
9. Manuel Castro Ferreiro
10. Lucía Goiriz Castro
11. María José Vázquez Torre

#### Suplentes

1. Sonia Amparo Arias Regueiro
2. Eduardo Antonio Pérez Rodríguez
3. Juan José Díaz López

### PSOE

1. Susana Ferreiro Vázquez
2. Hugo Parapar Sanjurjo
3. María Regueiro López
4. Serafín Otero Paredes
5. Hugo Pereira Díaz
6. Jesús Quijada Cruz
7. María Pilar Agrasar Díaz
8. Aquilino Sánchez Rivas
9. María Teresa Ares Ares
10. Juan Manuel Gómez Domínguez
11. Rafael Vizcaíno Cereijo

#### Suplentes

1. Lucía Díaz Gayoso
2. José Rábade Suárez

### BNG

1. Pablo Ares Ansedo
2. Uxía Ferreiro García
3. María Mar Prado Cruz
4. Sandra Carral Casanova
5. Eliseo Gómez Jove
6. Manuela Castro López
7. Daniela Gómez Vázquez
8. Xosé Lois Devesa Novo
9. Purificación Ferreiro Fernández
10. Luis Carro Salvat
11. Manuel Ferreiro Fernández



Clínica Médica  
**San Ramón**  
• En Vilalba •

- Pruébelos **SIN COMPROMISO**
- Revisiones **GRATUÍTAS**
- **FINANCIACIÓN** hasta 18 meses sin intereses

**\*SUPER GARANTÍA HASTA 5 AÑOS PARA PÉRDIDA O ROTURA**

Pida su cita personalizada: 982 512 014. C/ Pintor López Guntín, 5-7 Bajo. 27800 - Vilalba, Lugo



signia

**AUDÍFONOS RECARGABLES**

**¡Y olvídense de las pilas!**





# O PSOE preséntase como a única alternativa ao liderado de Rancaño

O bipartidismo impera en Abadín desde 2019 e seguirá así catro anos máis xa que só dous partidos presentaron lista, PP e PSOE. Nelas, poucos cambios. O alcalde, un dos de máis traxectoria da democracia, José María López Rancaño, repite á fronte do PP aos seus 72 anos mentres que o

**PARTIDO POPULAR.** Corenta anos á fronte do Goberno local de Abadín non son suficientes para José María López Rancaño, que volve liderar a lista do PP, na que sempre estivo, para pedir o respaldo popular catro anos máis. Asegura estar listo para seguir. “Sentireime cómodo mentres sexa útil e mentres os veciños digan que sigo sendo útil”, asegura.

O seu proxecto estrela para a próxima lexislatura é a residencia de maiores, que quere instalar no antigo instituto. “Estamos a piques de asinar o convenio coa Consellería, que achegará un pouquiño máis do cincuenta por cento do custe total que está valorado en dous millóns de euros”, explica.

Tamén fundamenta o seu traballo á fronte do Concello no asfaltado

de camiños e accesos. Afirmo que o Concello está ben saneado e que está atento a traer empresas para Abadín “facilitándolle todo o que son permisos, impostos e demais, en especial da rama agraria”.

**PSOE.** O actual secretario xeral da Agrupación do PSdeG e voceiro municipal en Abadín, Pablo Díaz, será o candidato socialista porque “percibimos que a xente está moi cansa e moi cabreada da desatención política que vivimos na nosa vila”.

Díaz remarca que “estamos diante dunha etapa crucial para conseguir que Abadín aproveite o tirón do Camiño para medrar e asentarse, así como impulsar e desenterrar outros proxectos vitais para a actividade económica, como son o

PSOE volve estar liderado por Pablo Díaz, o actual voceiro do partido e líder da única oposición que ten. Rancaño, que mantivo sempre maioría absoluta, foi perdendo un concelleiro en cada convocatoria electoral e mantén a mesma Corporación que no ano 2007

parque empresarial e a construción dunha nova residencia. Temos que ser capaces entre todos de rematar con esta parálise e coas constantes decepcións políticas do PP na nosa vila”.



José María López Rancaño e Pablo Díaz

## CANDIDATOS ELECCIÓN 2023

### PP

1. José María López Rancaño
2. M<sup>a</sup> Begoña Gaute Verdes
3. Tania Rey Eimil
4. Judit Anido Vigo
5. Patricia Fraga Requeijo
6. José Ramón Ramil Verdes
7. Germán Ramil Souto
8. Bernardino Cendán Edrosa
9. Jesús Cendán Seijo
10. Gonzalo Hermida Mel
11. Alicia Rodríguez Rodríguez

### Suplentes

1. Carlos Gaute Pérez
2. Manuel Paz Lozano
3. Edita Castiñeira Currás
4. Miguel Ángel Verdes Souto
5. Varalakshmi López Prado

### PSOE

1. Pablo Díaz López
2. Miguel Ángel Martínez Neira
3. Sandra Otero Quende
4. Vanesa Otero Fernández
5. Luis Gómez Pérez
6. Estefanía Grandío Vizoso
7. Natalia Méndez Verdes
8. José Luis Rodríguez Vila
9. Alberto Rodríguez Folgueira
10. Bernardo Presno Fernández
11. Lucía Debasa Regueira

### Suplentes

1. Eliseo Rodríguez Verdes
2. Andrés Grandío Rey
3. Carlos Andián Rivas
4. Jesús Fernando Vázquez Galdo
5. Elías Abelleira Gueimonde



**5<sup>o</sup> Friulio**  
Castrexo-Romano  
**13 e 14 maio**  
MMXXIII  
Friol (Lugo)

Friol Concello  
A CASTROMELA





Primitivo Iglesias, Elva Carrera e Darío Cabaneiros, cabezas de lista de PSOE, BNG e PP, respectivamente

## Un reparto de votos entre os tres partidos que necesitou un pacto

A Pastoriza, que tiña ás súas costas un dominio de voto popular dende as orixes da democracia, deu un xiro importante no ano 2007, cando Primitivo Iglesias polo PSOE e Elva Carrera polo BNG deron a volta á situación recollendo un gran número de votos para unirse posteriormente e poder gober-

**PSOE.** Primitivo Iglesias, que leva catro lexislaturas como alcalde da Pastoriza volve presentarse este ano á reelección. Primitivo Iglesias recalca que ten “ilusión e forzas” para finalizar os proxectos que ten en marcha, e para impulsar “outros novos que contribuirán ao progreso e a mellorar a calidade de vida das veciñas e dos veciños das 19 parroquias da Pastoriza”.

O alcalde e candidato socialista engadiu que se presenta ás vindeiras eleccións coa firme vontade de “poder gobernar libre de ataduras, cunha maioría suficiente que me permita tomar as miñas decisións sen depender de ningún partido nin de ningún pacto”. Para iso, remarcou, “conto co apoio dunha candidatura formada por mulleres

e homes de contrastada solvencia e espírito de servizo, con ilusión e ganas de traballar polo seus veciños e veciñas”. Incidiu tamén en que “o que fai falta para que a xente siga vivindo no rural son servizos públicos, cando menos, como os que teñen nas cidades, e emprego. E iso é polo que traballamos cada día os socialistas”.

**BNG.** A súa socia de Goberno, Elva Carrera, que leva o mesmo tempo á fronte do BNG local, tamén presenta a súa candidatura este ano. Neste senso, a candidata do BNG á Alcaldía destacou “temos moito que facer aínda pola Pastoriza e a única forza que pode acadar máis benestar e máis avances para a ve-

nar o Concello. Este pacto foise renovando nas seguintes citas coas urnas, nas que os dous partidos continuaron a crecer e formardo na última convocatoria un resultado practicamente equilibrado en votos, sendo finalmente o BNG o que quedou cun concelleiro menos.

ciñanza é o BNG, é o momento de sumar co BNG e desenvolver entre todas e todos un proxecto de futuro e sen ataduras”.

Elva Carrera agradeceu ás compañeiras e compañeiros en volver a confiar nela para encabezar o proxecto do BNG na Pastoriza “quero agradecerlle a todas as persoas que conformamos o BNG en seguir confiando en min para liderar un proxecto que ten claro a quen se debe, á veciñanza e as oportunidades que se poden crear na Pastoriza, por isto, asumo con todo o agarimo e entusiasmo para facer posíbel un goberno nacionalista o vindeiro 28 de maio”.

**PARTIDO POPULAR.** No PP se cambian as caras este ano, xa que

### CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

#### PP

1. Darío Cabaneiro Santomé
2. Marcos García Lombardero
3. Josefa Méndez Pena
4. Jesús Obarrio Pérez
5. Adrián Cendán Rodríguez
6. Pablo Bouso Souto
7. José Luis Iglesias Paz
8. Mónica García Mon
9. María Carmen Lombardía Cando
10. Diego López Rodríguez
11. Eva Gacio Arias

#### Suplentes

1. María Seco Reigosa
2. Iván Hoz Pérez
3. Marcos García Jartín
4. Nilo Felipe Fernández
5. José María Rigueiro Otero
6. David Gómez Prieto
7. Mario López Iglesias
8. José Yañez García

#### PSOE

1. Primitivo Iglesias Sierra
2. Constantino Fernández Leira
3. Monserrat Cabaneiro Rego
4. Monserrat Casanova Ónega
5. Rubén Carballal Gasalla
6. José Luis Seco Muíña
7. Jesús López Expósito
8. Miguel Ángel Rico Rodríguez
9. Sonia Valiña Piñeiro
10. Sonia Dorado Fernández
11. Digna Gallego Méndez

#### Suplentes

1. Antonio Lorigados Eiras
2. José Corral Cabado
3. Iván Andión Ledo
4. Laura Eguizabal Saenz
5. Tania Canto Murado

#### BNG

1. Elva Carrera González
2. José Antonio Veiga Pérez
3. Rocío López Pacio
4. Verónica Rodríguez Gesto
5. Fidel García Paz
6. Yolanda Otero Logilde
7. Manuel Seivane Vila
8. Félix González Grandío
9. Noelia Rancaño Vidal
10. Óscar López López
11. José Ignacio Rivas Vidal

#### Suplentes

1. Miguel Folgueira Bouso
2. Xosé María Eloi Villada Legaspi
3. Vanessa Pérez Lejo
4. Eduardo Muíña Pérez
5. María Isabel Otero Moirón
6. Arcadio Sánchez Legaspi



é Darío Cabaneiro, fillo do alcalde que levou a cabo a concentración parcelaria nos anos 60, o que encabeza a candidatura, na que vai de número de dous o presidente da xestora local do partido, Marcos García. A lista que presentan están tan renovada que só se manteñen dous nomes da anterior.

A Pastoriza necesita cambio, di Cabaneiro, “e este é o momento do cambio”. En canto á campaña, destaca que, polo que respecta ao PP, será “unha campaña totalmente

limpa”.

“O que necesita A Pastoriza é estabilidade política e institucional e iso pasa pola maioría absoluta do PP”. Lembrou que “na Pastoriza gobernaron estes anos os perdedores e foi un goberno que destacou polos desencontros entre o PSOE e o BNG”.

# RENTA CAR

ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**

Aluguer de: AUTOCARAVANAS  
VEHÍCULOS INDUSTRIAIS - TURISMOS

¡Non esperes para facer a viaxe dos teus soños!

722 376 219 - 664 797 776

Rúa do Acibro P48, (Pol. Ind. As Sete Pontes) 27800 Vilalba - Lugo

# MOBELRIAS

## Descubre as novidades na tenda

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba



# Equilibrio de forzas cun concelleiro que marca quen será o alcalde

Dúas listas concorren a estas eleccións neste ano 2023, as mesmas que actualmente se reparten o pastel da corporación municipal. O PSOE, que foi a forza máis votada nos anteriores comicios faino por medio do seu alcalde, Roberto García, mentres que o PP revalidou a súa confianza en Anto-

nio Riveiro, que xa se presentou hai catro anos. Repartíronse os escanos entre os dous pero foi o líder socialista o que se quedou coa maioría por un único concelleiro. Polo de pronto esta situación promete repetirse xa que o BNG, que quedou sen representación en 2019, non se presenta.

**PSOE.** O alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, é novamente o candidato socialista ás próximas eleccións municipais do 28 de maio. “Quero facer realidade a construción do museo da tornería, un centro de día e un novo centro social en Xermade”, subliñou o rexedor e candidato.

Roberto García explicou que ao longo destes anos “fixemos un gran esforzo cumprindo con practicamente todo o programa electoral que levamos no ano 2019”. Entre as actuacións acometidas, aludiu ó asfaltado e aglomerado de vías, melloras de pistas agrícolas e forestais, arranxos de beirarrúas, novos parques infantís, depósitos de auga para granxas e extinción de incendios, novas captacións de auga e mellora da rede municipal, cambio de luminarias por

outras de baixo consumo, mellora de locais sociais, de campos de fútbol, saneamentos ou a ampliación do parque de maquinaria para mantemento e conservación de estradas e dotacións municipais, entre outras.

**PARTIDO POPULAR.** Antonio Riveira foi presentado polo PP como candidato co obxectivo de recuperar a Alcaldía, pois os populares xa estiveron máis de 20 anos á fronte do goberno local de Xermade. Riveira xa formou parte do equipo de goberno durante 12 anos, nos que liderou a Concelleira de obras e exerceu como voceiro municipal.

Un dos obxectivos do candidato popular é buscar solucións rápidas e efectivas aos veciños. “Sinto a necesidade de axilizar os trámites municipais para axudar aos nosos veciños

e empresas”. Riveira explica a necesidade de garantir os servizos mínimos do Concello nas súas distintas competencias, en concreto ao saneamento e acondicionamento de vías.



Roberto García (esquerda) e Antonio Riveira

## CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

### PSOE

1. Roberto García Pernas
2. José Prieto Barro
3. Carlos Alberto Guerra González
4. Verónica Amarelo Morado
5. Nélica Coira Pena
6. Santiago Silva Guizán
7. Carlos Guerreiro Prieto
8. Marta María López Pardo
9. Álvaro García Iglesia

### Suplentes

1. Olga Iglesia Cideres
2. Martín Tomás García Joven
3. María Del Pilar Gómez Gato
4. María Dolores Vérez López

### PP

1. Antonio Riveira Requeijo
2. Sandra de Bernardo Eimil
3. José Luis Vilasuso Paz
4. Laura Romero Gato
5. Rubén Amarelo Paz
6. María Isabel Barro Millor
7. Jesús López Orosa
8. Rocío Jiménez Miguel
9. Manuel Prieto Bello

### Suplentes

1. Isabel Campello Ares
2. José Gato Galego
3. María Alicia Guerrero Ferrando
4. Luis Pena Carballo
5. Josefa Pires Rodríguez
6. Andrés Ares Ameijide
7. Ramón Eugenio Otero Otero
8. Antonio Currás Paz
9. Alberto Pena Criado
10. Francisco López Pena



ARTESÁNS • MÚSICA •  
EXPOSICIÓN • OBRADOIROS

**DEGUSTACIÓN  
E VENDA DA  
TORTA DE MILLO**

COA ACTUACIÓN ESPECIAL DE

**VÍ FESTA DA  
Torta de  
4 DE  
XUÑO  
Millo**

a terra da auga  
**QUITIRIZ**

TANXUGUEIRAS



# Vox e BNG súmanse á unha disputa na que o PSOE foi chave para o goberno independente

Tres lexislaturas levan inamovibles en Rábade cos resultados electorais. Aínda que o número de votos total oscilou, o número de representantes que lles corresponden permanece estable desde 2011. O pastel repárteno entre PP e In-

dependentes a partes iguais, con 4 concelleiros, mentres que o PSOE é a chave de goberno co seu único representante, Alejandro Martínez Campos. Este ano dúas listas máis preséntanse para coller un dos 9 concelleiros que se reparten en

Rábade, un concello que conta con 1.500 habitantes. Unha é a do BNG, que nas últimas 4 lexislaturas non conseguiu representación. Completa a oferta Vox, nunha das oito candidaturas que se formaron na provincia.



**INDEPENDENTES.** O Goberno local lea funcionando en coalición entre os Independentes e PSOE. Francisco Xosé Fernández Montes lea ocupando o asento de Alcaldía desde o 2007 e preséntase novamente á reelección, o mesmo que fan os seus compañeiros no resto de partidos. O actual rexedor busca os votos que necesita para obter un concelleiro máis, que lle permitiría gobernar en solitario.

Os Independentes repiten os mesmos concelleiros que na anterior lexislatura, cun cambio no quinto posto pero tamén moi similar no resto.

Ese mesmo espírito de continuidade é o que como alcaldable que transmitir, sen perder de vista outros proxectos novidosos. Así, ten previsto crear un gran parque público nun terreo preto da igrexa co obxectivo de incrementar os espazos verdes.

Tamén ten previsto celebrar no ano 2025 un gran acto para conmemorar o centenario do municipio cunha festa de recreación histórica. Para o rexedor, un dos seus maiores logros destes últimos catro anos foi a recuperación do edificio e a contorna do antigo Cine Man, que pasará a ser un centro sociocultural; así como os traballos levados a cabo no barrio da Ponte, as melloras no servizo de auga e o parque da Praza Castelao.

**PSOE.** Alejandro Martínez Campos, que ocupa a Concellería de Deportes volve liderar o PSOE e, na outra parte, a popular Remedios González Cabarcos dirixe os destinos populares tras presentar unha nova lista. No PSOE, mentres o líder segue definido, no resto de postos hai cambios. Así, Sandra Núñez Pin pasa a ser a segunda e desaparece da listaxe Álex Aido Lobato. O que é concelleiro de

Deportes foi o encargado de sacar adiante con éxito as escolas deportivas, o ximnasio e servizo de apoio a iniciativas que foron crescendo, como o Máster de Fútbolín.

**PARTIDO POPULAR.** Remedios González segue liderando, seguida de María del Pilar Dapena, pero cambia o resto da listaxe.

O seu obxectivo e o mesmo que os Independentes, romper esa pequena barreira de votos para sumar o concelleiro que lle outorgaría a maioría. Nos últimos comicios foi o partido máis votado co 43,02% fronte ao 36,78% da lista independente. Neste sentido a candidata afirma que desde o grupo popular "haberá un compromiso de traballo e un inmenso esforzo por facer de Rábade unha referencia provincial en todos os sectores xa que ten o potencial para selo.". Entre a multitude de



Os tres candidatos que repiten. Francisco Fernández Montes (arriba), Remedios González e Alejandro Martínez



ideas do proxecto da actual voceira está a de investir en chan industrial "para atraer empresas e fomentar o emprego entre os veciños para evitar o éxodo a outras cidades".

**BNG.** Nesta ocasión, José Sangiao substitúe a Iván Sangiao á fronte do partido, que pecha a lista.

O candidato do BNG á Alcaldía de Rábade salientou "coas ideas claras, con capacidade e con entusiasmo, potenciaremos os espazos públicos, mellorando o espazo urbano cun modelo máis acaído para as persoas; o modelo BNG de política municipal é mellorar a calidade de vida da veciñanza". E destacou "queremos que as veciñas e veciños de Rábade

sintan máis orgullo do seu concello, onde os seus servizos públicos, o seu benestar, a súa contorna formen un conxunto atractivo para poder desenvolver un proxecto de vida aquí, e o BNG é capaz de acadalo".

**VOX.** Completa a oferta Vox, a cargo de Miguel Manuel Pardiñas Pérez, nunha das oito candidaturas que se formaron na provincia. Este Garda Civil é fillo de labradores e sempre estivo vinculado ao mundo agrícola. Tamén estivo en diferentes destinos e agora está xubilado. Nas últimas cinco citas electorais, é a primeira vez que se presenta outro partido que non sexa un dos tres maioritarios e os Independentes.



José Sangiao (esquerda) e Miguel Manuel Pardiñas

## CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

### PP

1. M<sup>a</sup> Remedios Gonzalez Cabarcos
2. María Pilar Dapena González
3. José Luis Novo Teijeiro
4. María Sandra Novo Penas
5. Carlos Ramón González Cabarcos
6. Juan Baroja Ortiz
7. Víctor José Novas Pereira
8. María José Parga Regueiro
9. Juan Carlos Blanco Martínez

#### Suplentes

1. José Manuel Candal Veiga
2. José Ángel Vila Blanco



### BNG

1. José Sangiao Saá
2. Alejo Beceiro Méndez
3. María Mar Varela Rodríguez
4. María Carmen Piñeiro Quintana
5. Mónica Pernas Río
6. Manuel Fraga Vidal
7. Manuel Rivas Varela
8. Rosa María Martínez García
9. Iván Sangiao Darriba

### PSOE

1. Alejandro Martínez Campos
2. Sandra Núñez Pin
3. Antonio Gerardo Regueiro Roca
4. Sofía Fernández Piñeiro
5. Iván Lombao Gómez
6. María Teresa Vázquez Rey
7. Daniel Lago Barreiro
8. María José Ortiz Gómez
9. Miguel Ángel Vilar Rivas

### INDEPENDENTES

1. Francisco Xosé Fernández Montes
2. Ángel Manuel Lage García
3. María José de Arriba Redondo
4. Manuel Gómez López
5. María Paloma Carreira Uceda
6. María Isabel Vilar Rodríguez
7. Sara Legazpi Fernández
8. José Luis Lorenzo Obarrio
9. Jorge Antonio Barros Castro

#### Suplentes

1. María Ángeles López Reboredo
2. Carlos Fernández Iglesias
3. Jesyca Obarrio Vidal

### VOX

1. Miguel Manuel Pardiñas Pérez
2. Alberto Arroyo Sánchez
3. Adrián Santana Galván
4. Rubén Rodríguez Río
5. Julio Eugenio Serrano Cereijo
6. David Martínez Aldea
7. Marcos Vicente García Varela
8. Francisco Daniel Ameijide Díaz
9. José Manuel Orrego Álvarez

# TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRACHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:

Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tlf 982 523 649 – 982 523 601  
619 41 53 56 – 650 61 12 60





# O socialista Rodríguez Ónega opta á quinta reelección

O alcalde de Pol, Lino Rodríguez Ónega converteu nestes anos á localidade nun bastión socialista tras pasar de ter 3 concelleiros no ano 2007 aos 7 que ten na actualidade. Se os primeiros catro anos gobernou co respaldo do BNG, agora faíno en solitario cunha ampla vantaxe. De feito, no ano 2011 obtivo a maio-

ría absoluta por primeira vez desbancando a PP e BNG, que perderon dos concelleiros no primeiro caso e un no segundo. Gañou outro no 2015 eliminado ao BNG da ecuación, situación que cambiou no 2019, cando os dous concelleiros restantes foron repartidos entre populares e nacionalistas.

Pol é un dos concellos con menos densidade de poboación pero iso non impediu que se formasen tres listas electorais novamente para competir pola Alcaldía neste 2023.

**PSOE.** O socialista Lino Rodríguez Ónega, alcalde de Pol, aspira a manter o respaldo dos seus veciños tras catro lexislaturas cumpridas como alcalde, primeiro co apoio do BNG e despois con maioría absoluta durante as outras tres.

Rodríguez Ónega na lexislatura 2015-2019 foi deputado provincial da área de Medio Rural.

O candidato defende o traballo realizado esgrimindo varios proxectos estrela nestes catro anos, como foi a construción do novo espazo deportivo e o cambio de luminarias na totalidade do termo municipal, ademais dun investimento importante en levar a auga a todas as parroquias e na reparación de estradas nun dos concellos máis grandes en extensión que ten a provincia.

“Eu creo que a lexislatura foi moi positiva porque as diferentes inversións que fixemos no concello foron pensadas para a mellora de cada veciño no día a día como o tema da auga ou o das pistas”, di Ónega. Entre os proxectos máis inmediatos figura levar a auga a Torneiros e a remodelación da reitoral na parroquia de Suegos, sobre a que xa existe proxecto e financiamento.

**PARTIDO POPULAR.** No PP volve haber unha lista completamente nova, nesta ocasión presidida por unha moi moza activista política, Nicole Grueira.

Aos seus 21 anos é estudante de Ciencia Política e da Administración e foi a primeira candidata nada neste século. Entre os seus obxectivos está desenvolver políticas que favorezan o asentamento de poboación, fomentando a vivenda e o emprego. Señala que “a mala xestión local faílle moito dano a Pol”, referíndose “á elevada débeda”.

A candidata popular apunta que, se chega á alcaldía, desenvolverá políticas que favorezan o asentamento de poboación, fomentando a vivenda e o emprego. Indica: “Hai que proporcionar ás familias recursos e facilidades para a rehabilitación das vivendas abandonadas; hai que crear solo industrial, para atraer empresas e investimentos e ampliar a oferta de emprego”. Explica que é fundamental garantir o acondicionamento das pistas municipais, o abastecemento de auga; hai que mellorar a seguridade, apoiar a inserción laboral dos mozos e das mozas, impulsar actividades de ocio para os maiores”.

**BNG.** A persoa elixida por unanimidade pola asemblea local do BNG foi Branca Fernández Martínez, ve-

ciña de Mosteiro e mestra.

Branca Fernández declarou “este 28 de maio imos a por todas, Pol ten que contar cun goberno municipal responsable e con capacidade de xestión, e o BNG é a forza capaz de acadar este obxectivo e sumar para construír un concello máis activo e dinámico”.

“Imos consolidar un Pol con futuro, cun proxecto enfocado na mellora de calidade de vida no rural”, dixo e engadiu que “o equipo que lidero vai contar con toda a experiencia e o dinamismo para desenvolver plenamente todas as potencialidades do noso concello, e saímos sen límites para liderar o vindeiro goberno municipal”.



## CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023



### BNG

1. María Blanca Fernández Martínez
2. María do Carme Díaz Irimia
3. Gustavo Osorio Fernández
4. Andrea Rodríguez Huertas
5. Jesús Ángel Cuesta Castro
6. Sergio Díaz Marey
7. María Pilar Cervantes Huertas
8. Óscar Carballés Balado
9. Ana Domínguez Barreiro

### PSOE

1. Lino Rodríguez Ónega
  2. José Luis Ramudo Andión
  3. Marina Ramudo Graña
  4. Ana Belén Seco Morado
  5. Sonia Cervantes Rivas
  6. César Valiña Irimia
  7. Carmen Paz Rodríguez
  8. Laura Otero Ferreiros
  9. Avelino López Pardo
- Suplentes**
1. Manuel Antonio López Rodríguez

### PP

1. Nicole Grueira Fernández
2. Enrique Rodríguez Rodríguez
3. María Graña González
4. Noelia Gigán Grandela
5. Margarita Fernández Yebra
6. María Remedios Castedo Carballo
7. María Méndez Luna
8. Raúl Rodríguez Fernández
9. Artemio G. Carballés Fernández



De esquerda a dereita, Lino Rodríguez Ónega, Nicole Grueira e Branca Fernández Martínez

**REFORMAS Y LIMPIEZAS**

*Ramos Lourés*

**EMPRESA ESPECIALIZADA EN TODO TIPO DE DESATASCOS Y VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS**

**SERVICIO EXCLUSIVO 24H / 365 DÍAS**

Disponemos de gran camión cuba para transporte de residuos y limpieza de alcantarillado

Y damos servicio de lavado de canalización a explotaciones agrícolas e industriales

Además contamos con 3 camiones para realizar todo tipo de desatascos (wc, fregaderos, arquetas, etc.)

Somos poseedores de la última tecnología en cámaras de inspección de tuberías (para fregaderos y canalizaciones), para detectar cualquier problema en las tuberías

**PIDE PRESUPUESTO SIN COMPROMISO**

Rei Don García 91 Bajo.  
27002 Lugo  
659 718 582 (24h) / 665 590 486  
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es  
ryramosloures



# Cinco listas para Meira, na que o PSOE ten os dous terzos dos votos

Historicamente esta é unha localidade de moito cambio na corporación. Partidos que se crearon e que desapareceron, cambios de poder entre a dereita e a esquerda son os protagonistas desta localidade que escolle a nove concelleiros e que actualmente ten a Corporación de

maioría contundente socialista, xa que o actual alcalde, Antonio de Dios, levouse os dous terzos dos votos nas últimas eleccións. Este ano, repite o candidato socialista pero renovan todo o resto de aspirantes. Incluso entra VOX na plexa electoral.

**PSOE.** Desde 2003 leva presentándose Antonio de Dios ás eleccións á Alcaldía de Meira, nas dúas primeiras ocasións como independente e xa desde 2011 baixo as siglas do PSOE. Foi cos socialistas cos que logrou facerse con 4 concelleiros fronte aos 5 do PP. En 2015 accedeu á Alcaldía aumentando o seu respaldo nas últimas eleccións. Conta coa vantaxe de ter á oposición moi dividida, xa que outros tres partidos, un concelleiro cada un, obtiveron representación. Repite novamente Antonio de Dios como aspirante á Alcaldía de Meira e faino satisfeito polo labor desenvolvido. A apertura da residencia de maiores foi o gran proxecto desta última lexislatura na que tamén figuraron obras de relevo como a transformación da finca do Plantío, onde se instalará un complexo para dar saída á actividade deportiva, social e económica da vila.

Pero hai máis proxectos “temos a idea de ampliar a área de caravanas e a ponte, pero este último é prioritario porque xa está todo preparado e acordado para que comece a obra. E logo seguiremos traballando en todo o que nos piden dende o colexio, ou a gardería así como o centro de maiores para mellorar a contorna”.

**PARTIDO POPULAR.** Á fronte do PP está Óscar Fernández, que substitúe a Carlos Veiga. Óscar Fernández decidiu presentarse á alcaldía para cambiar “a realidade que vivimos no día a día que demostra que o actual goberno non ten proxecto de futuro: os empresarios vemos que non hai aposta decidida polas actividades económicas, os pais e nais temos que levar aos nosos fillos realizar ac-

tividades propias da idade a outros concellos, non dispoñemos de oferta deportiva ou cultural, tampouco podemos acceder a vivenda e, todo iso, a pesar de pagar unhas taxas e impostos desorbitados”.

**BNG.** Os nacionalistas tamén cambian de candidata. A asemblea local elixiu a Ermitas Rodríguez Gómez. É enxeñeira agrónoma de profesión e gandeira, profundamente coñecedora da realidade social e económica do Concello, e unha activista recoñecida en toda a comarca de Meira. A candidata nacionalista destacou que “Meira ten capacidade de sobra para xerar oportunidades; desde o BNG temos ideas, temos equipo e ilusión, e saímos a por todas para liderar o goberno municipal”.

**CONTAMOS.** O partido Galicia Sempre logrou ter en 2019 representación cun concelleiro e este ano este partido, con novo candidato e baixo o paraugas común de Contamos, elaborou unha lista. “Somos un grupo de xente nova, cheos de enerxía, ganas e ilusións por facer cambios positivos no Concello. Presentamos a nosa candidatura ás eleccións municipais co obxectivo de impulsar o crecemento económico e social de Meira”, explica.

**VOX.** Meira é un dos oito municipios de Lugo nos que o partido de extrema dereita presentou candidato. Este é Faustino Juan Yáñez López, licenciado en filoloxía portuguesa e doutor en Lingua Española e lingüística xeral, na actualidade exerce como docente, examinador, tradutor e intérprete.



Arriba, Antonio de Dios e Ermitas Rodríguez e, abaixo, Pablo Corbelle, Faustino Yáñez e Óscar Fernández

## CANDIDATOS ELECCIÓN 2023

### BNG

1. Ermitas Rodríguez Gómez
  2. Carlos Agrelo Nieto
  3. Raquel Abaira Sobrado
  4. Rubén Lagarón Doval
  5. María José Jiménez Barrio
  6. David Fernández García
  7. Beatriz Gómez Lourido
  8. Juan Carlos Aguiar Redondas
  9. Felipe Nieto Pérez
- Suplentes**
1. Elisa Río Conde
  2. Hector Pérez Fernández

### VOX

1. Faustino Yáñez López
2. Nair Trastoy Cupeiro
3. Miguel Vázquez Rúa
4. Juan Antonio Arce Aliseda
5. María Amparo Cortés Navarro
6. Ángel Hernández Sanz
7. Samuel Julio Mier Álvarez
8. Mónica Fuensanta Sánchez Abad
9. Patricia Rueda Perelló

### PSOE

1. Antonio de Dios Álvarez
2. Agustín Méndez Moirón
3. María de las Urdes Díaz Yanes
4. Rubén Vidal Vidal
5. Manuel Vidal Vallejo
6. María José Salgado Lejo
7. Manuel Ares Ocampo
8. Rosa Forja Díaz
9. Jesús Villamide Díaz

### CONTAMOS GA.S

1. Pablo Corbelle González
  2. Castor López Gavín
  3. Marta Bargueiras Freire
  4. Julián González Ramón
  5. José Manuel López Fernández
  6. Reinier Martínez Cantún
  7. Cristian Rico Rodríguez
  8. Reinaldo Martínez Valdés
  9. María Jesús Castro Veiga
- Suplentes**
1. Felicísima Martín Rubio
  2. Amable Fernández González
  3. Abel Lombardía López

### PP

1. Óscar Fernández Fernández
2. Sonia Folgueira Bouso
3. Enrique Castro Castro
4. Emilio Costa Soto
5. Carlos Gómez Castañal
6. Román Castro Blanco
7. Ramiro Pérez Freijo
8. María del Rocío Couso Fernández
9. Rosendo Folgueira Valle



**ATABERNA**

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA  
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACCIONES  
REVUELTOS ALCO PICAR  
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO  
ENSALADAS SABOREAR TORTILLAS  
PASTAS RAXO PATATAS  
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

Asesoría Enerxética  
**Terra Chá**

CONTRATACIÓN - RECLAMACIONES  
SUBVENCIONES - AUDITORIAS  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIONES FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)  
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es



## muras



De esquerda a dereita, o alcalde Manuel Requeijo, a popular Eugenia Requeijo e a socialista Jennifer Gómez

## Reparto de poder entre BNG e PP co PSOE como chave de goberno

Muras é o concello chairego menos poboado, polo tanto é o que menos concelleiros escolle, só 7. É tamén un dos concellos onde máis aumentou o voto nacionalista. No 2003 non logrou o partido ningún representante e non volveu ter representación ata 2011 cando Manuel Requeijo logrou entrar na Corporación, baixo o goberno do popular Issam Alnagm Azzam. Nos seguintes comicios Requeijo logrou os tres concelleiros, igual que o PP e accede á Alcaldía co apoio do PSOE, que tiña un representante. A situación revalidouse no 2019 pero sendo o BNG o partido máis votado.

**BNG.** Manuel Requeijo completou este ano dúas lexislaturas á fronte da Alcaldía. Dende que chegou ao Goberno, en coalición co PSOE, foron moitos os cambios aos que someteu o Concello. O seu proxecto estrela, as axudas ao pago da factura da luz, son xa un exemplo a seguir por universidades, escolas e outros gobernos. Destacan a revitalización da vida económica, social e cultural da localidade como as bases, así como a posta en marcha do polígono industrial.

O BNG seguirá aumentando estas axudas así como as bolsas para estudantes ademais de fortalecer o compromiso coas persoas maiores, ampliando servizos sociais para garantir o seu benestar e calidade de vida. Entre os proxectos que teñen previsto está a apertura dun centro de coworking na Casa de Rouco. Requeijo dixo que seguirán apostando polo futuro das explotacións agrícolas e gandeiros, ofrecendo máis servizos así como crear unha marca propia que promocioe os produtos de Muras.

Un dos obxectivos é seguir investindo na mellora e conservación das vías municipais e na creación de espazos públicos accesibles, seguros e con usos plurais, que faciliten a convivencia e a socialización. "Impulsaremos a chegada de telefonía e internet a todas as parroquias, conseguindo a máxima cobertura dixital".

### CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

#### BNG

1. Manuel Requeijo Arnejo
  2. Paula Gómez Souto
  3. Cristina Franco Pardo
  4. María Azucena Camba Fernández
  5. Carlos Carballés Penabad
  6. Cristóbal Pena Teijido
  7. Tita Bello Penabad
- Suplentes**
1. Belén Chao Ramil
  2. Romina Lamas Arnejo

**PARTIDO POPULAR.** Eugenia Requeijo, que sucedeu ao anterior alcalde á fronte do PP, repite novamente como candidata á Alcaldía. A candidata popular aposta por "sacar a Muras do abandono no que se atopa, que queda claramente reflectido na situación do propio centro do pobo".

O equipo popular preséntase en condicións de "cambiar o actual estado de cousas, caracterizado por prazas e rúas sucias, xardíns en mal estado, estradas deterioradas, servizos deficitarios e unha xestión totalmente partidista".

**PSOE.** María Jennifer Gómez Galego lidera o PSOE de Muras, trala retirada de primeira liña de Mario Rouco, socio de goberno do BNG. A nova candidata foi presentada polo parti-



#### PSOE

1. María Jennifer Gómez Galego
  2. Rocío López Cao
  3. Jonatan Carballido Pernas
  4. Mario Rouco Rey
  5. Carmen Ramil Picos
  6. José Carlos Piñeiro Tojeiro
  7. María Josefina Cillero Chao
- Suplentes**
1. Pedro Alfonso Durán Cao
  2. José Miguel Bouza Corral

#### PP

1. María Eugenia Requeijo Chao
  2. Julio Díaz Díaz
  3. Damián Prieto Sardiña
  4. Luis Carballido Orosa
  5. Sandra Trastoy Chao
  6. José Manuel López García
  7. María Teresa Uceira Cao
- Suplentes**
1. Fernando Carballido Amor
  2. Carlos Rouco Rochela
  3. Camelia Hermida Fernández
  4. Elías García Rubiños
  5. Juan Antonio Tojeiro Pita
  6. Óscar Prieto Freire
  7. Eloy Guzman Vilaboy

do unhas horas antes do peche das listas. O seu obxectivo principal será mellorar a representación na corporación.



**Campo de Puente, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 98m<sup>2</sup> **90.000€**  
En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta piso totalmente equipado, de tres dormitorios, sala, dos baños y cocina. Dispone de ascensor, calefacción de gas ciudad y una plaza de garaje y un trastero al lado de la misma.

**Galicia, Vilalba**  
Piso | 5 Dorm | 2 Baños | 117m<sup>2</sup> **42.000€**  
En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso muy luminoso de 117 metros, situado cerca del centro del pueblo y a su vez cerca de los colegios, dispone de cinco habitaciones y sala, dos baños y cocina. A mayores tiene una terraza cubierta, calefacción de gas ciudad y un trastero en el bajo cubierta.

**Augarroibas 13, Xermade**  
Casa rural | 4 Dorm | 1 Baño | 326m<sup>2</sup> **150.000€**  
En Cazás, Municipio de Xermade (Lugo), a unos 12 km de Vilalba, se vende una vivienda rural de unos 155 metros cuadrados, que precisa reforma. Además de la casa hay otras construcciones dentro de la finca, pozo, hórreo y la finca del cirundo tiene unas 2 hectáreas con árboles centenarios. La propiedad tiene más terreno en las proximidades por si el comprador lo precisase.

**Carrizo s/n, Vilalba**  
Casa / Chalet independiente | 4 Dorm | 1 Baño | 140m<sup>2</sup> **110.000€**  
En la parroquia de Santaballa, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar de unos 140 metros, en la planta alta hay 4 habitaciones, cocina y un baño. En la planta baja hay un garaje, un trastero y un tendedero y a mayores tiene un bajo cubierta, que de momento está en placa. La casa dispone de agua de traida, calefacción y tiene dos fosas sépticas. Se encuentra a un kilómetro de la autovía Ferrol-Vilalba y esta a unos 10 minutos de esta última localidad y a otros tantos de As Portes.

**Avenida da Terra Cha 23, Vilalba**  
Terreno / Urbano (solar) | 215m<sup>2</sup> **130.000€**  
Se vende casa en mal estado de conservación en la esquina de la avenida Tierra Llana y la calle de Guiriz de Vilalba (Lugo). Se puede edificar bajo, cuatro plantas y ático.

**Alcalde Fraga Bello 30, Vilalba**  
Local | 278m<sup>2</sup> **89.000€**  
Además del bajo, tiene un entresuelo de 103 metros.

**Campo de Puente 100, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 125m<sup>2</sup> **72.000€**  
En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo, y Ferrol y 45 minutos de A Coruña y de la costa lucense se vende piso de 3 dormitorios y sala, 2 baños, cocina, despensa y terraza. Dispone de ascensor y de trastero.

**Alcalde Fraga Bello, Vilalba**  
Piso | 4 Dorm | 1 Baño | 105m<sup>2</sup> **34.000€**  
En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso de cuatro habitaciones y sala, un baño y cocina. Se trata de un tercero sin ascensor y se vende con la opción de comprar una o dos plazas de garaje, a razón de 6.000 € la plaza.

**Pravia, Vilalba**  
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 100m<sup>2</sup> **65.000€**  
En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, en calle de la Pravia, en el que hay cuatro habitaciones y sala, cocina y dos baños. La vivienda dispone de calefacción individual de gas ciudad, ascensor y un trastero en el bajo cubierta.

**Porta de Cima 37, Vilalba**  
Local | 65m<sup>2</sup> **30.000€**  
En la localidad de Vilalba (Lugo), en concreto en la calle Porta de Cima, se vende local a pie de calle de unos 57 metros cuadrados útiles. Dispone de un baño.

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal**

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)

Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)

Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

[www.rocabogados.info](http://www.rocabogados.info)

[www.inmobiliariajroca.es](http://www.inmobiliariajroca.es)

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA  
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCENTO EN VACINAS E MICROCHIPS

**CHAIREGOS**  
SERVICIOS VETERINARIOS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20  
(O Ramal) Rábade  
Telf. 982 871 103

**URXENCIAS**  
24 HORAS



# Clemente Iglesias opta á cuarta maioría absoluta para o PP

Clemente Iglesias volve concorrer ás eleccións polo Partido Popular para intentar conseguir de novo unha maioría absoluta. Nesta ocasión tanto o BNG como o PSOE renovan candidatos que xa estaban incluídos nas listas dos anteriores comicios. Así, ao fronte do grupo socialista atópase Víctor

PP. Clemente Iglesias González volve a liderar a candidatura do Partido Popular de Riotorto co obxectivo de revalidar a maioría absoluta acadada anteriormente. Esta é a cuarta ocasión na que o actual rexedor popular encabeza a lista no seu municipio natal despois de que no 2011 xa gañara as eleccións, pero se vira relegado á oposición a falta de 3 votos para a maioría absoluta.

O candidato do PP á Alcaldía asegura que volve encabezar a lista de cara ás eleccións municipais do 28 de maio coas mesmas ganas de “satisfacer as demandas dos meus veciños e veciñas tratándoos a todos por igual”.

Para os populares é prioritario “mellorar os servizos e a atención aos veciños”. Nese sentido, Iglesias explicou que o goberno local desenvolveu distintos proxectos e ten outros previstos para mellorar os accesos a varios núcleos e tamén a rede de abastecemento e o saneamento. No seu breve repaso ás iniciativas do goberno do PP en Riotorto, Iglesias destacou a creación de novos servizos sociais -ademais do continuo reforzo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) co obxectivo de atender a tódolos maiores que precisen atención nos seus domicilios- coa posta en marcha de dúas casas do maior e unha casa niño. Así mesmo, tamén

están a traballar pola creación dunha residencia para a terceira idade. O popular tamén aposta por “ofrecer actividades para a dinamización social e cultural e favorecer así o asociacionismo” a través da convocatoria de axudas ás asociacións.

**PSOE.** Víctor González Leivas é o candidato socialista para acadar a Alcaldía de Riotorto. O secretario xeral do PSdeG na provincia, José Tomé Roca, destacou a “experiencia, compromiso e traxectoria en defensa dos veciños” do candidato, que foi concelleiro socialista durante 16 anos, e agradeceu o “traballo incansable e a implicación que demostrou José García Freije durante todos estes anos”, tanto no Goberno como na oposición.

O candidato socialista remarcou precisamente que, si se presenta á Alcaldía, “é para poñer o Concello de Riotorto ao servizo da veciñanza, e non para ser unha cadea de favores para manterse no poder político”. “Non nos poden vender como un favor algo que é un dereito, como fai o PP de Riotorto”, incidiu.

González Leivas comprometeuse a traballar “para dinamizar o concello, impulsar o polígono industrial, reactivar o pequeno comercio, fomentar o turismo, axudar aos autónomos e

González, que conta con bagaxe e coñecemento da administración. Por outra banda, os nacionalistas presentan a Vanesa Gómez, que substitúe a Luís Fernández como cabeza de lista. Gómez está convencida da súa capacidade para gobernar e de ser a mellor alternativa aos populares.



Víctor González, Vanesa Gómez e Clemente Iglesias

## CANDIDATOS ELECCIÓN 2023

### BNG

1. Vanesa Gómez Lourido
2. María Campo Fernández
3. Luís Fernández Fernández
4. Eloy Treitas Fojaca
5. Agustín Iglesias Rodríguez
6. Antía Villada Pillado
7. Sandra Gómez López
8. Jorge Cabodevila Logilde
9. Federico Gutiérrez Estoa

#### Suplentes

1. María Luz Iglesias López
2. Xoán Carlos Fernández Pereira
3. Horacio Fiallega Lorigados

### PP

1. Clemente Iglesias González
2. José Luis Lourido López
3. Manuel Rivas Bouza
4. Manuel Pacio Iglesias
5. José Luis Lorigo Carballeira
6. Olga Maseda García
7. Iago Fiallega Salgado
8. Andrés Seoane Pacio
9. Alberto Ramallal Freire

#### Suplentes

1. Antonio García González
2. José Cosme Gómez González
3. Ricardo Veiga Logilde
4. Manuel Pol Veiga
5. María Josefa Portela Cancio

### PSOE

1. Víctor González Leivas
2. Enrique Méndez González
3. Venancio Fernández Hernández
4. José Manuel Fernández Gómez
5. Josefa Fernández Rivas
6. Gabriel Fernández Dasribas
7. José Mon Alonso
8. Jesús José Moirón Alonso
9. María Azucena Veiga Basanta



aos pequenos produtores agrícolas e mellorar o sector forestal”. “En definitiva, quero un concello no que os cidadáns sexan os protagonistas da vida política de Riotorto, sen favoritismos. Traballando todos xuntos”, resumiu.

**BNG.** Vanesa Gómez Lourido encabeza a lista do Bloque Nacionalista Galego. Xornalista, de Vilarquide, na parroquia de Galegos, será candidata á Alcaldía pola forza nacionalista, que se presenta como a principal alternativa ao goberno do Partido Popular.

Activa no BNG desde 2007, a candidata agradeceu a confianza das compañeiras e compañeiros do BNG para continuar co traballo desenvol-

vido nestes anos e impulsar un cambio político en Riotorto.

“O BNG xa ten demostrado neste concello a capacidade para gobernar e transformar, ampliando os servizos para a veciñanza, levando a actividades ás parroquias, creando oportunidades de desenvolvemento económico e turístico arredor do ferro e dinamizando o comercio e a hostalería cos mercados estacionais”.

“Cremos nos recursos que ten o concello e na xente que vive aquí, por iso nestas últimas semanas estamos convidando a persoas das distintas parroquias a involucrarse neste proxecto e recuperar o tempo perdido para Riotorto cos gobernos do Partido Popular”.

**RESTAURANTE PARRILLADA**  
**O'Adro**  
**COMIDA PARA LEVAR**  
**COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...**  
**Ven a probar os nosos cocidos**  
O Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
982 52 58 65 - 626 23 71 56

ACEPTAMOS VALES DE COMPRA DE LAS AYUDAS PARA LIBROS Y MATERIAL ESCOLAR

RESERVA YA PARA EL PRÓXIMO CURSO TUS LIBROS DE TEXTO Y CUADERNOS

**LIBRERÍA CAMPUS**  
Ronda Mercedes 45-47 LUGO  
Telf.: 982 284 705  
libreriacampus@librosmil.es

**Galicia**  
C/ Orense, nº 82, Bajo.  
27004 Lugo  
Tel.: 604 001 116  
libreria Galicia@librosmil.es



## Mans Unidas recadou máis de tres mil euros no seu festival

Mans Unidas de Vilalba recadou máis de 3.000 euros no seu festival solidario que se celebrou por primeira vez tras estes anos de pandemia. O Auditorio acolleu esta gala, que estivo presentada por M<sup>ra</sup> Xosé Lamas. O prezo da entrada foi de 5 euros e aínda que non se venderon todas si se recadaron cartos a maiores coa fila 0 e doazóns. Actuaron por orde a Coral Luar, Néstor Xesús González Lamas e Entre Lusco e Fusco. A sesión durou algo máis de hora e media e contou coa participación do público en distintos momentos. Ademais proxectáronse dous vídeos, un sobre o labor de Mans Unidas e outro sobre o proxecto para o que se recaudaron os cartos.

## Convocado o segundo concurso de música local

O Concello convocou a segunda edición do Concurso de Música Local, unha iniciativa que naceu co obxectivo de apoiar as propostas musicais no eido municipal, divulgando e dando a coñecer os seus traballos, así como premiando a creatividade e innovación das persoas e grupos participantes.

O concurso está aberto a todas as persoas que integran grupos de música, así como asociacións, dúos ou calquera outra proposta musical de Vilalba, consolidados ou de nova creación. Débese cumprir o requisito de que polo menos unha das persoas que formen parte do grupo deberá estar empadroada no concello.

Pódese concursar con calquera xénero musical, con letra e música orixinais, ou, en todo caso, sen dereitos de autor sobre a mesma.

Non se aceptarán letras con mensaxes de odio ou ofensivas e as pezas terán unha duración máxima de 4 minutos.

Os interesados en participar deberán presentar a documentación pertinente e recollida nas bases no rexistro xeral de xeito presencial, ou a través da Sede Electrónica, ata as 23.59 horas do día 30 de xuño de 2023.

Os temas a interpretar deberán enviarse ao email [cultura@vilalba.es](mailto:cultura@vilalba.es) en formato mp3 ou mp4 (audio ou



vídeo), despois de presentar a solicitude e a documentación precisa e dentro do prazo establecido.

Outorgaranse tres premios ás mellores propostas musicais de 1.000, 500 e 200 euros de entre os finalistas do concurso que actúen o día propoosto pola organización. O primeiro premio tamén será obsequiado coa gravación en estudo da peza musical gañada e a gravación dun vídeoclip da mesma.

## EN BREVE

**CONCERTO.** O Auditorio Municipal de Vilalba acolle o sábado 13 de maio, ás 20.00 horas, o concerto *Electric Drum Head* do músico vilabés Pablo del Valle. Trátase dun interesante e innovador proxecto para percusión e electrónica que vincula os problemas de saúde mental na sociedade a través da música.

**PRESENTACIÓN.** A casa da cultura acolleu a presentación do libro *As feridas dun amor efémero* de Sue Camaño. A filóloga e profesora foi gañadora na edición do XLVIII Premio do Certame Literario. Neste poemario, Sue Camaño aborda as obras e mitos clásicos que inspiraron os seus versos, así como os temas máis presentes na historia da literatura.

**MULLER.** O Instituto de Estudos Chairegos organiza o venres 12 de maio de 2023, na Casa da Cultura de Vilalba, ás 20.00 horas, a conferencia *A que fía, ama e ora. Estampas da muller tradicional na literatura de costumes (e no gravado antigo)*, impartida por Ricardo Polín, doutor en Filoloxía e Historiador. Presentará o acto Marisa Barreiro, presidenta do Ilescha. Esta será a terceira conferencia correspondente ao ciclo Mulleres Galegas, programado polo Ilescha para levar a cabo durante este ano.

**EXPOSICIÓN.** A penúltima, primeira exposición póstuma do pintor coruñés con raíces vilalbesas Alfonso Sanjurjo estará no Auditorio Municipal Carmen Estévez do 12 ao 28 de maio. O horario de apertura ao público será de luns a venres polas tardes de catro a dez e os sábados pola mañá das dez as dúas. A exposición consta de dazaioito cadros en técnica mixta sobre táboa.

## Xa está aberto o prazo para participar no Certame Literario

O Concello de Vilalba anuncia o inicio do prazo de presentación de traballos para XLIX Premio de Poesía do seu Certame Literario, así como as bases de participación.

O galardón está dotado con 7.000 euros e a publicación íntegra da obra gañadora, xunto a unha flor natural e un diploma.

O prazo para presentar os traballos remata o 9 de xuño ás 14.00 horas. Poderán participar neste concurso todos os autores e autoras que o desexen, sempre que presenten as obras en lingua galega. Os poemas serán orixinais e inéditos, non premiados noutros concursos en datas anteriores ao fallo do xurado.



As obras, de tema libres e cunha extensión mínima de 500 versos, enviaranse por vía electrónica a través da páxina <http://www.certamedevilalba.org/inscripcion>.

## O Concello pon á venda seis parcelas do polígono

O Concello pon á venda as seis parcelas que son de titularidade municipal correspondentes á ampliación do polígono empresarial de Entrepinares.

As seis parcelas suman en conxunto 5.600 metros cadrados e a fórmula elixida para a venda das mesmas é a subasta. A máis grande é de 1.052 metros cadrados e as dúas máis pequenas de 860,80 metros cadrados. O prezo mínimo de partida é de 48,80 euros o metro cadrado máis IVE.

O adxudicatario está obrigado a formalizar a escritura pública de compravenda no prazo máximo

dun mes a partir da sinatura do contrato de sinal.

Cando se lle adxudique a parcela deberá abonar o 25% do prezo, e no acto de formalización da escritura de compravenda procederá ao pago do 75% restante.

O adquirinte obrigase a edificar, e a ter implantada a actividade especificada na memoria que figura na correspondente documentación administrativa, con todos os permisos e licenzas correspondentes, no prazo de tres anos.

Ademais, tamén estará obrigado ao mantemento en funcionamento da actividade durante dez anos.

**BOSCH Service**

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

MUSQUERÍA - Botique y Jardín CARLOS

Reparaciones Carlos, s. l.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
[jcpenelas@bosch-bcs.com](mailto:jcpenelas@bosch-bcs.com)

**constru fer**

NATURALES DE CONSTRUCCIÓN Y BARRIAMENTO  
PABLO RABADE PAREDES

Saneamientos, construcción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200



## Última fase da obra de saneamento en Roimil

As obras de saneamento de Roimil entraron na súa última fase de execución. Financiadas conxuntamente pola Xunta e o Concello, adxudicadas por 238.000€, permitirán conectar á rede de saneamento os lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira. As obras enmárcanse no convenio de colaboración polo que a Xunta asume o 80% do investimento e o Concello contribúe co 20% restante.

A rede que se está construíndo, e que xa está na súa fase final, componse dunha condución principal, 2 colectores e 4 ramais secundarios, ademais de 59 pozos de rexistro.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, adxudicou por preto de 238.000 euros as obras de mellora do sistema de saneamento municipal na parroquia de San Xiao de Roimil, no concello de Friol, á empresa Hordescan, S.L.

Coa rede proxectada por Augas de Galicia veranse beneficiadas uns 200 habitantes.

## Nova edición do Friulio

O Concello e a Asociación A Castrola organizan unha nova edición do Friulio, un encontro entre asociacións castrexas e romanas que recrearán durante a fin de semana do 13 e 14 de maio os modos de vida, costumes e crenzas de ámbalas dúas culturas.

Nesta quinta edición da festa volverán participar diferentes asociacións castrexas e romanas chegadas de toda Galicia e tamén de outras comunidades de España, que forman parte activa en eventos de interese turístico internacional, nacional ou galego, como o Arde Lucus, as Guerras Cántabras ou as Xornadas de ambientación e reconstrución histórica de Numancia.

En total este V Friulio contará coa participación de máis de 25 asociacións de recreación histórica, música tradicional e divulgación cultural, coa colaboración das asociacións culturais de Friol, contando coa participación directa de máis de 400 persoas entre figurantes e outras funcións arredor desta festa de recreación histórica.



As actividades principais da festa volverán estar ubicadas en torno ó paseo fluvial, co establecemento do castro galaico, onde se manterá a recreación de oficios, e o campamento romano. Ambos asentamentos son os grandes reclamos do Friulio e poderán ser visitados desde as 10.30 da mañá do sábado ata as 20.00 horas do domingo, cando se dará por concluída a festa. O programa de actividades inclúe desde a recreación da vida nun castro ata a elaboración do pan que utilizaban as milicias ro-

manas nos seus desprazamentos, a elaboración do queixo de Friol, desfiles de tropas romanas, ou demostracións e obradoiros de fiado, teas e complementos, orfebrería, chaveiros, tiro con arco e xogos populares. O asedio ao castro, o sábado ás 19.30, volverá ser o momento máis espectacular do Friulio, onde se recreará o asalto das tropas romanas aos castros que existían nas terras de Friol. Outras representacións desta edición serán a escaramuza castrexa-romana (13.00 horas do sábado), o descenso en balsa do río Narla (17.30 sábado) e a voda galaica o domingo pola mañá, ademais de outras escenificacións como Liorta polo tesouro do castro.

Tamén haberá espazo para a música, que estará a cargo de Tympana Gallaica, Son de Lugh e Xesta Verde na animación de rúa. Estes dous últimos ocuparanse tamén da sesión vermú, ás 13.15 horas, o primeiro o sábado e o segundo o domingo. Na noite do primeiro día The Nunzia e Virtual Project acutarán a partir das 23.00 horas.

## Abre o prazo para o Certame Terra Chá

A asociación Xermolos abriu o prazo para o XLIV Certame Terra Chá de creación infantil e xuvenil, un concurso vinculado ao Festival de Paradiñas. Poderán participar obras nas seguintes especialidades: contos, debuxo, poesía, teatro, documentais, fotografía, cómic, murais, grafiti, video-creación, improvisación oral, regueifas e rap.

Haberá dous grupos de premios da mesma calidade e cantidade, uns para os alumnos dos centros educativos da comarca chairega e, os outros, para aqueles que cheguen desde colexios, escolas ou institutos doutras partes de Galicia.

Os galardóns concederanse nos niveis de educación infantil, nos tres ciclos de Primaria, os dous de Secundaria e en bacharelato e FP. Haberá premios para os tres mellores de cada nivel e especialidade, que se repartirán en material e libros valorados en 60 euros para o primeiro; 50, para o segundo, e 30, para o terceiro. Tamén haberá premios para os traballos colectivos, todos eles con lotes de libros.

## castro de rei

### EN BREVE

**MATODOSO.** Matodoso celebra as súas festas de San Isidro os días 13 e 14 de maio. O sábado darán comezo ás 13.30 cunha misa para continuar coa sesión vermú con D'Nika. A verbena contará tamén coa actuación deste grupo, que estarán acompañados pola orquestra Paris de Noia. O domingo a misa volverá ser ás 13.30 para continuar despois cunha sesión a cargo da orquestra Fuego que estará tamén na verbena.

**HOMENAXE.** O 20 de maio os veciños de Castro celebran unha homenaxe ao sacerdote Raúl Ferreiro polos 50 anos da súa ordenación. A misa terá lugar ás 13.30 e a continuación haberá un xantar no Val dos Soños. O prezo será de 55 euros e as tarxetas pódense recoller na Casa Pepe, Silva, Pol, Casa Carreira e Castro Ribeiras de Lea ata o día 16.

**CONFERENCIA.** O centro cultural de Castro de Rei acolle o 12 de maio, ás 19.30 horas, a conferencia *Habitando a Terra* a cargo de Ana Mar Fraga Rábade, investigadora das culturas antigas, que falará da cultura dolménica e do pobo celta e zoela. Tamén intervirá Xosé Otero Canto, que falará da misteriosa e incógnita valura. O acto estará conducido por José Carlos Ulloa García e Francisco Balado Teijeiro, alcalde da localidade.

### A Deputación reabre ao tráfico a estrada de Pontello dos Lobos

A Deputación de Lugo vén de reabrir ao tráfico a estrada LU-P-1706, que une Castro de Rei e Cospito á altura da ponte de Pontello dos Lobos, despois dos graves danos ocasionados na vía polas inclemencias meteorolóxicas durante o pasado temporal. A institución provincial actuou coa máxima axilidade posible para resolver os danos acometidos na propia ponte, que colapsou polas fortes choivas, e o acondicionamento no resto da estrada.

As obras, cun investimento de 314.000€, consistiron na demolición da estrutura danada, colocación no novo marco prefabricado de formigón e o recheo e instalación dos muros de contención do terraplén. Os traballos remataron co estendido do aglomerado o que permite xa a circulación do tráfico rodado. Procedeuse tamén ao pintado do firme con marcas reflexivas brancas, quedando a vía totalmente renovada para o uso dos veciños e veciñas. A maiores, a Deputación destinou un investimento de 164.000€, para o asfalto con aglomerado en quente dun treito da estrada de 1,3 quilómetros ao seu paso por Castro de Rei, en concreto, entre os puntos quilométricos 7,3 e 8,6.

## Balado guiou a última das Rutas de Historia



O alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, foi o guía da ruta que realizaron medio cento de persoas polo concello dentro do proxecto *Coñecendo a historia cos alcaldes de Galicia*, posta en marcha por [www.rutasdehistoria.gal](http://www.rutasdehistoria.gal), un proxecto patrimonial impulsado polo portal web [www.historiadegalicia.gal](http://www.historiadegalicia.gal) ao que esta primavera se sumaron catro rexedores das catro provincias galegas cun único fin: poñer en valor o seu patrimonio local.

Francisco Balado deu a coñecer os "segredos ocultos" e as "anécdotas históricas" que atesouran, na que foi a última ruta deste programa e que saíu do cemiterio de Duarría.

O rexedor de Castro de Rei indicou que "o patrimonio dos concellos de Galicia moitas veces está deteriorado". Incidiu en que, dende esta iniciativa queren "poñer o acento naquel patrimonio que está agochado e que non se ve".

Foi unha visita por máis de 2.000 anos de historia na que se puido coñecer onde se atopou un tesouro romano, sepulturas paleocristiana, a casa de José Castedo Teijeiro, inventor dun fusil similar ao máuser; os lugares onde naceron o rico comerciante do século XVIII marqués de Atalaia Bermeja e Manuel Becerra Bermúdez, ministro de Fomento e Ultramar no século XIX.

### Amigos da feira realiza a ruta do Azúmara no seu 25 aniversario

Amigos da Feira organiza o domingo 21 de maio a tradicional ruta do Azúmara facéndoa coincidir coa última feira do mes de maio e o sorteo mensual da promoción *Compra en Castro de Rei*, así como coa celebración do seu 25 Aniversario.

O comezo da ruta será ás 10.00. Os autobuses saíran do campo da feira de Castro de Rei cara ao Castro de Viladonga para iniciar o percorrido. A chegada á carballeira está prevista ás 12.30 horas, onde se fará un aperitivo, xusto antes do sorteo.

Pola tarde, ás 16.00 horas descubrirase a peza conmemorativa do 25 Aniversario elaborada pola artista multidisciplinar local Carmen Cabaneiro, na costa da Igrexa. Seguidamente haberá música e xogos da man de Xotramu no Campo da Feira. Estas actividades trasladaranse ao Pavillón Polideportivo se chove. Estas actividades non requiren inscrición previa. Recoméndase levar roupa e calzado cómodo/deportivo para a xornada.

Pola tarde realizarán unha visita guiada por Luarca para saír de regreso ás 19.00 horas. A actividade terá un prezo para socios de 40 euros, que se incrementa en 5 euros para os non socios.



## Acordo para humanizar a rúa Boa Veciña

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira Morandeira, asinaron un convenio de colaboración a través do cal a institución provincial aporta ao Concello 114.000€ para a humanización da rúa Boa Veciña. Coa sinatura deste acordo, que ambos dirixentes materializaron no Concello guitiricense, a institución provincial financia integramente unha actuación que permitirá urbanizar e renovar a totalidade desta vía, situada no casco urbano da localidade, na parroquia de Lagostelle.

O proxecto da obra consistirá na rehabilitación do firme existente con aglomerado en quente, propiciándolle un espesor máis grosa e adecuado ao gran volume de tráfico pesado que soporta, pola súa proximidade co polígono industrial e por ser unha das principais vías empregada de acceso á autovía. En concreto, na parte da rúa onde está situada a farmacia será preciso demoler e substituír o pavimento polo mal estado que presenta. Ademais, aproveitarase esta acción para revisar a rede

de saneamento por se fose necesario a súa mellora.

Así mesmo, os traballos contemplan a redución da altura existente entre a calzada e a beirrarúa, sendo preciso renovar todos os vados vehiculares e peonís, e realizáranse sobreanchos nas mesmas e no carril do aparcadoiro para reducir a distancia de cruce e mellorar a visibilidade. A actuación tamén inclúe a substitución das baldosas das beirrarúas por un pavimento coloreado en tons area en harmonía coa contorna urbana, e adaptándose á nova normativa de accesibilidade en espazos públicos urbanizados. O proxecto contempla reemplazar os bancos e papeleiras, e adaptáranse os rexistros e sumidoiros á nova rasante da calzada.

A superficie total na que se actuará é de aproximadamente 3.200 m<sup>2</sup> nos 280 metros de lonxitude que ten esta rúa, unha das máis usadas por guitiricenses e visitantes, xa que se trata unha das entradas desde a autovía cara o centro da localidade que desemboca na Avenida da Coruña, e tamén punto de paso para outras céntricas vías.

## Tanxugueiras encabeza a Festa da Torta de Millo

Tanxugueiras, o grupo revelación da fusión da música tradicional galega, será a cabeza de cartel da VI edición da Festa da Torta de Guitiriz. As cantareiras actuarán no Campo da Feira o domingo 4 de xuño, ás 20.30 horas, para pechar o evento gastronómico que pon en valor o produto máis típico da localidade.

A Festa da Torta foi presentada na Casa Habanera, nun acto que arrincou cunha actuación musical do alumnado da UNED Sénior. “A actuación estrela deste ano será a de Tanxugueiras, como fin de festa. Ademais participarán as agrupacións musicais do municipio. Penso que non hai mellor oportunidade que esta para poñer en valor o traballo que fan durante todo o ano”, destacou a alcaldesa, Marisol Morandeira.

A Festa da Torta de Millo contará, como vén sendo habitual, con música, exposicións e obradoiros, ademais da degustación e venda do postre. Por suposto, estarán os tres establecementos artesanais de



Guitiriz que preparan a torta: Panadería David, Pastelería Gómez e Panadería La Esquina. A alcaldesa quixo destacar e agradecer a súa implicación, chave para sacar adiante a festa.

A medida que se achegue, desvelárase a programación completa dun evento que contará cun dispositivo de seguridade e de tráfico especial. Dentro deste plan, o Concello habilitará prazas de aparcadoiro.

## Arrancan as obras de construción da residencia de maiores

Arrancaron as obras de construción da residencia de Guitiriz, situado en pleno centro urbano, en fronte da casa consistorial, con accesibilidade a todo tipo de servizos. As obras teñen un prazo de execución de 18 meses e contan cun orzamento de 2M€.

A residencia de Guitiriz estará dividida en catro plantas, e disporá de 23 dormitorios dobres, que permitirán ofrecer un total de 46 prazas.

Como no resto de residencias que constrúe a institución provincial, os usuarios tamén disporán doutras dotacións, como salas de estar, de lectura ou de televisión, todas elas de uso común, e servizos de lavandería, cociña, enfermería e primeiros auxilios, o que asegura a prestación de amplos servizos de calidade para os usuarios.

Esta dotación precisará de persoal para cubrir as necesidades dos maiores, polo que se crearán postos de traballo directos que inclúen coidadores sociais, médicos e ATS, que darán cobertura ás 24 horas do día, así como administrativos, cociñeiros ou persoal de limpeza, entre outros.

Morriña

Día das Letras Galegas

17 MAIO

60 ANIVERSARIO

Este ano facemos protagonista da festa que el mesmo impulsou a **FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO**

**GRIAL**

XUNTA DE GALICIA

En Galicia levamos 60 anos celebrando moito máis que as nosas letras, festexamos toda a cultura que nos une: a nosa historia literaria, as artes escénicas e música que falan unha lingua propia e a todos os nosos artistas sen excepción.

Feliz Día das Letras Galegas

Agarimo

Ruliña



## Comeza un estudo sobre as necesidades e calidade de vida dos maiores ponteses

O Concello das Pontes iniciou a elaboración dun diagnóstico para identificar as necesidades da poboación maior, en especial da que se atopa en situación de soidade (sexa desexada ou non), facendo especial fincapé no estudo da incidencia da covid-19 no fenómeno da soidade. Nesta análise serán identificados diferentes perfís de persoas maiores en función de variables como poden ser o grao de dependencia ou o nivel de acompañamento experimentado para procurar identificar e comprender as súas necesidades e co obxectivo de ter información actualizada de cara a posta en marcha de futuras políticas municipais en materia de coidados e atencións ás persoas maiores. O estudo contará con dúas fases. Na primeira, farase un mapeo de axentes chave para ser posteriormente contactados para a súa colaboración no proceso de elaboración do estudo mentres que, na segunda fase, se realizará unha análise sociodemográfica e das necesidades da poboación maior.

## Arranca un proxecto cultural dirixido a unir os sectores da poboación

De ponte a ponte é un proxecto novidoso que pretende, a través dunha programación cultural rica e variada, servir de punto de encontro para a poboación local levando a música e o teatro a espazos nos que xeralmente non se realizan espectáculos deste tipo. De ponte a ponte, organizado polo Concello das Pontes, desenvolverase entre o 13 de maio e o 29 de xullo en distintos emprazamentos do lugar. Artistas como Uxía, Sheila Patricia, Monolious DOP, Catuxa Salom, O Mago Teto ou Avelino González forman parte dunha programación ampla, variada e para todos os públicos. Haberá espazo para coñecer importantes artistas de outras culturas como Celina da Piedade, Jorge da Rocha, La Banda ou Cía Vaya. Este programa, ademais de poñer no centro a programación artística de calidade, fará tamén unha aposta porque as actividades teñan un destacado contido en valores como o feminismo, a ecoloxía, a xustiza



social, a promoción da lingua galega e a cooperación internacional. Por outra banda, este proxecto pretende descentralizar a programación cultural do centro da vila e levala tamén a parroquias do concello, para que persoas de todas as idades poidan gozar dos espectáculos independentemente da súa capacidade de desprazamento. Así, entre o 13 de maio e o 25 de xuño haberá diversas actuacións nas parroquias da contorna: O Freixo, Saa, Apparral, Deveso, Bermui, Pontoibo, Espiñaredo, San Pedro de Eume, Ribadeume, Goente.

## O lago recibe por terceiro ano a bandeira azul

A bandeira azul lucirá este verán, por terceira vez, no lago das Pontes. Un distintivo que concede a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (Adeac) e que recoñece a calidade ambiental do areal pontés. Para revalidar a bandeira azul o Concello tivo que enviar no mes de novembro de 2022 unha memoria das actividades levadas a cabo durante o ano, tanto no ámbito ambiental como no educativo, no da accesibilidade e no da seguridade así como unha proposta de candidatura para o ano 2023, no que se incluían accións de mellora nas infraestruturas

e nos servizos así como a posta en valor da biodiversidade do espazo. Bandeira Azul créase, en 1985, por parte da rama francesa da FEE como un galardón nacional para portos deportivos e embarcacións, para distinguir a distancia a quen ama e protexen o medio mariño. A marca foise estendendo a múltiples países co fin de premiar os puntos que cumpren cuns criterios óptimos de seguridade, accesibilidade, información e educación ambiental ou calidade da auga. Así mesmo, busca estimular o cumprimento da Directiva de Calidade de Augas de Baño comunitaria.



**PASARELA.** O Concello das Pontes retirou a antiga pasarela peonil sobre o río Eume, que será substituída por unha nova estrutura que permitirá minimizar o impacto visual, segundo as especificacións de Patrimonio e adaptada ás medidas de accesibilidade vixentes.

## Convocados varios campamentos

O Concello de Rábade organiza de novo este ano o programa Rábade Concilia organizando varios campamentos e actividades que terán lugar nos meses de verán baixo o título Rápatando 2023.

Unha das primeiras actividades a realizar será o campus de patinaxe, dirixido a nenos de entre 4 e 15 anos os días 26, 27, 28, 29 e 30 de xuño. Así mesmo, haberá un campamento urbano para os pequenos de 4 a 12 anos que se prolongará entre o 1 e o 15 de xullo. Para a mocidade de ESO e 1º de BAC está previsto outro multiaventuras que terá lugar en Viveiro os días 3, 4 e 5 de xullo.

Haberá outro que se desenvolverá do 3 ao 7 de xullo en horario continuado de 10.00 a 20.00 horas. Poderán participar todos os nenos e nenas que cursen entre segundo e sexto de Primaria.

Completa a programación uns obradoiros de manualidades e creatividade e outro de construción de cabezudos, que darán comezo no primeiro caso xa en maio.

Tamén, desenvolverase un taller que leva por título *Coñecendo o Miño, a súa flora, a fauna... en piragua!*

## rábade

## Presentan o primeiro festival Entrepontes

O colectivo Fillos da Chaira de Rábade pechou o cartel do Festival Entrepontes, o primeiro que se organiza na vila e unha cita coa música gratuíta para os asistentes.

A primeira confirmación do festival, o día 13, foi o grupo Ninghures, que levará á vial o seu fresh folk galego dentro da xira de presentación do seu novo álbum: Aquí.

Estará Grande Amore como cabeza de cartel, para cantarlle á festa e ao amor co seu estilo inspirado no rock, no pop e no techno dos oitenta. Engádesse tamén A Banda da Balbina, un grupo que non necesita presentación.

Como representantes do Celtic punk estarán tamén Tecor Societario aos que se suma Dos en Punto, un dúo que nos fará viaxar no tempo para cantar (ou berrear, cada un co seu) os éxitos do pop español de tódalas épocas.

Pecha o cartel Pacrispa DJ, que fará unha sesión cos mellores temas para que a troula continúe. Non faltará tamén a música para os máis



pequenos, así que, ás 18.00 horas estará Pakolas, rocleando coa Ramona pequena.

O festival contará cunha xornada chea de actividades na que consideran que será primeira edición dun festival que nace con aires de continuidade e aseguran que haberá máis sorpresas nas próximas datas. Unha desas actividades será a celebración dun taller de baile tradicional a cargo de Adrián Méndez, de Ninghures, ás 19.15 horas.

Ademais, a organización do festival asegura que haberá acampada de balde no campo de fútbol Catro Ventos, situado moi preto do campo da festa, onde se vai desenvolver o festival.

## Aprobado un orzamento de 1,7 millóns de euros

O Concello de Muras aprobou nun pleno extraordinario en abril, o orzamento para o ano 2023, que ascende á cantidade de 1.798.600 euros.

O eixo principal neste orzamento para o ano en curso son os 90.000 euros para a axuda do pago da factura da Luz, que xa rematou o prazo de solicitude para o exercicio anterior; os 12.000 euros para axudas a estudantes, 8.800 euros de axuda para a anpa do colexio e 8.800 euros para axudas a asociacións de ámbito municipal.

No capítulo de investimentos propios previstos para o ano 2023 atópase a rehabilitación do CEIP Antía Cal, un investimento que se

realiza pola negativa da Xunta a facerse cargo das obras, e a actuación integral na praza do Viveiró. Con estas obras no Viveiró vaise recuperar o campo da feira orixinal, que ten unha superficie que supera os 3.670 m2, reordenando os usos e humanizando a contorna. Ademais, tamén se van acondicionar as estradas LU-P-3404 e LU-P-6502 que discorren por esta praza.

O orzamento aprobouse cos votos a favor do equipo de Goberno e en contra do Partido Popular.

O Concello non conta con débedas nen créditos pendentes polo que ten un aforro neto nas súas contas.



## meira

## O IES Pedregal de Irimia celebra o seu 40 aniversario

O 26 de maio o IES Pedregal de Irimia celebra o seu 40 aniversario cunha velada que dará comezo ás 21.00 cunha visita guiada polo centro.

A continuación, a partir das 22.00 haberá unha cea no pavillón polideportivo municipal cun prezo de 25 euros. Esta cea está aberta a toda a veciñanza e os que desexen participar deberán mercar a súa entrada nos distintos establecementos da localidade antes do 10 de maio.

Os asistentes poderán desfrutar dun menú con croquetas, xamón, empanada caseira e langostinos ao vapor como entrantes e un codillo ao forno con patacas asadas como prato principal. Ademais haberá tarta de améndoas de postre e bebida, café e chupito.

Ao rematar a cea a xornada contará con dúas actuacións musicais, a primeira a cargo do alumnado do centro e a continuación será a quenda do grupo De Vacas.

**CURSO DE XABÓNS.** O Concello organiza un novo taller de elaboración de xabóns que se celebrará o domingo 21 de maio en horario de tarde.

O obradoiro desenvolverase no Cabanón Grande, na Praza do Convento e ten aberto o prazo de inscrición ata o 14 de maio.

Ademais, ao finalizar o curso, os asistentes poderán levar para casa os produtos elaborados.

O asistentes aprenderán a elaborar xabóns de todo tipo, de lavadora, de peza ou corte, de tocador, etc.

## Ratificado o irmandamento con Moaña e as actividades comúns



O Pleno aprobou o expediente de irmandade entre o concello de Moaña e do de Meira e unha proposta de actividades conxuntas, dadas as relacións existentes entre a dúas vilas.

Ademais acordouse a creación dunha comisión específica para a Irmandade entre ambos concellos da que forman parte o alcalde do Concello de Meira ou persoa na que delegue, un representante do grupo político do PSdeG-PSOE e un representante do grupo político do BNG e a secretaria da corporación. Os dous concellos levan os últimos anos traballando no irmandamento con varias reunións entre eles co fin de avanzar no programa. O obxectivo foi a posta en común das actividades que se poden realizar en cada

vila dentro da cultura, o turismo e o deporte.

O primeiro contacto entre as dúas vilas foi cando o alcalde da Meira luguesa, Antonio de Dios, foi invitado a participar nas festas de Moaña de 2018. Ao ano seguinte unha delegación devolveu a visita e comezou o proceso para celebrar este irmandamento.

Tamén perfilaron intercambios, que teñen previsto promover e impulsar, en especial entre as bandas de música ou os grupos de baile, e fomentar a artesanía, a festa da malla e a organización de visitas guiadas ao mosteiro e aos molinos con vivenda. Tamén pretenden fomentar as rutas polos ríos, xornadas de xogos populares, campamentos de verán e rutas de senderismo.

## xermade

## José Mouriño xa é Fillo Predilecto da localidade



Un Pleno extraordinario aprobou por unanimidade o nomeamento de José Mouriño Cuba como Fillo Predilecto pola súa traxectoria profesional en prol do sector agroalimentario galego en xeral e da Terra Chá e Xermade en particular.

Familiares, veciños e compañeiros de Mouriño, arrouparon ao Mouriño nesta sesión, na que se puxo en valor o seu traballo a prol de Xermade.

A Alcaldía designou ao concelleiro Antonio Riveira Requeijo como instrutor do expediente, a fin de que recabara os méritos de José Mouriño Cuba que o fan merecedor desta distinción.

O homenaxeado recibiu de mans do alcalde, Roberto García Pernas,

un pin co escudo heráldico municipal e un diploma artístico, ademais dos dous tomos editados polo Concello do Premio Xermade na Historia. O acto, sinxelo e emotivo, rematou coas palabras de agradecemento de José Mouriño polo título concedido.

Considerou o pleno que o biólogo e enxeñeiro técnico agrícola natural de Ameixido, na parroquia de Santo André de Lousada, é merecedor da máxima distinción que pode conceder un Concello por ser "un gran impulsor do proceso de industrialización agroalimentaria en Galicia" e que, ademais, "sempre levou o nome de Xermade e a súa defensa por tódolos sitios", tal e como defendeu o PP na súa proposta.

## muras

## A Romaxe Artesá da Chaira xa ten programa

Muras celebrará este sábado 27 de maio a sétima edición da Romaxe Artesá da Chaira, unha festa na que se busca a reivindicación dos oficios tradicionais e sobre todo a dinamización do medio rural como lugar de creación de vida.

A romaxe dará comezo ás 11.00 coa apertura da Feira e ás 11.30 terá lugar a primeira charla, a cargo de Elena Ferro e que leva por título 'Dignificar un oficio'.

As actuacións musicais darán comezo á 13.00 co primeiro concerto do grupo Uxía Lambona e a banda molona e ás 14.00 será a quenda de Louband cunha actuación itinerante.

A tarde contará coa celebración de tres obradoiros. O primeiro ás 16.00 sobre iniciación a cestería, enfocado a adultos, e impartido por Bea Valín.

Ás 16.30 dará comezo un obradoiro sobre creación de pezas cerámicas con engobes e elementos naturais a cargo de Imavi. Neste poderán participar seis persoas cada media hora ata un máximo de 18 e está destinado a todos os públicos.

O último será ás 18.45 a cargo de Lupe Blanco e que leva por título 'Os segredos da Regueifa' e poderán participar un máximo de 50 persoas de todas as idades. A xornada contará tamén co es-



pectáculo familiar Circando da man de Artefeito Producións que será ás 17.30.

Para finalizar esta sétima edición da romaxe haberá dúas actuacións musicais, a primeira ás 20.00 co grupo Caamaño&Ameixeiras e por último ás 21.25 o grupo Luar na Lubre.

Ao longo de todo o día haberá xogos tradicionais a cargo de Xotramu e Lab on Wheels Fotografía Clásica.

## Volven as Xornadas Interxeracionais Rurais

Cabreiros volverá celebrar a partir do 20 de maio unha nova edición das Xornadas Interxeracionais Rurais, que chegan á súa XIX edición e que darán comezo ás 10.30 horas co acto de inauguración para dar paso ás charlas.

A primeira será a celebración do Día das Letras Galegas, dedicado a Francisco Fernández del Riego. o profesor Xosé López ofrecerá a ponencia *D. Paco de Lourenzá. Un home da casa, un home da causa*. Será ás 11.00 horas para, unha despois, comezar unha actividade do colexio de Xermade, a representación do relato *O cambio de nome* de Suso Toro. Estará ao cargo dos alumnos de 6º. Tralo xantar, presentárase o libro *Xogos tradicionais galegos para tempos de recollida*, elaborado por Manuel Vázquez Coto, investigadora da UDC, e Paco Veiga García, da AGXPT.

As Xornadas Interxeracionais continuarán o sábado 27 de maio ás 10.30 horas cunha mesa redonda



co tema xenérico da muller rural, o seu presente e o seu futuro. Ás 12.30 está prevista a intervención de Marcos Saavedra Blanco, bibliotecario de Xermade, que falará da biblioteca do medio rural.

A sesión de tarde consistirá nun mostra de tracción animal moderna.

A seguinte cita será o 3 de xuño coa primeira sesión dedicada á presentación dos traballos premiados na IX edición do Xermade na Historia.



## abadín

## O Pleno ratifica un presuposto de 3,6 millóns de euros

Nun Pleno no que o PP votou a favor e o PSOE optou pola abstención o Concello de Abadín aprobou un presuposto de 3,6 millóns de euros para o ano 2023. Dende o 2019 as contas do municipio estaban prorrogadas e nesta ocasión superan nun millón ás últimas que foron debatidas en Abadín. O alcalde recordou ademais que aínda falta por engadir os cartos do Fondo de Compensación Ambiental, xa que o municipio é un dos que máis axudas reciben mediante o canon eólico.

Dentro destes presupostos case un 40% do orzamento, 1.422.200 euros, irá destinado a investimentos permitindo levar a cabo proxectos impor-

tantos para o municipio. Dentro deste investimento atópase a primeira fase de construción da residencia de maiores que contará con aproximadamente 500.000€.

A reparación da rede viaria municipal será outros dos proxectos que contará cun gran presuposto e que se realizará con aglomerado. Ademais tamén se farán as obras para a substitución da cuberta do pavillón ou para executar a traída na parroquia de Candia.

Os gastos de persoal tamén supoñen unha contía elevada superando o medio millón, por enriba dos algo máis de 35.000 destinados ás axudas a entidades culturais e deportivas.

## pol

## A Deputación aproba obras en varias estradas

A Xunta de Goberno aprobou unha colaboración co Concello de Pol por 310.000€ para a mellora de accesos nos núcleos rurais de Arcos, As Lamelas, Vilavella e Cima de Vila; para a dotación de aseos, dunha taquilla na grada, a instalación de varandas de protección, luminarias e beirarrúas no campo de fútbol de Mosteiro; e para a adquisición de equipamento destinado ó coidado de xardíns, en concreto, un tractor, unha sementadora e unha corta céspede.

A aportación da Deputación representa o 80% do orzamento neces-

ario para acometer estas actuacións, en tanto que o Concello de Pol achega 75.000€.

Tamén se acordou colaborar cun investimento de 126.000€ para acometer o abastecemento de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios deste municipio, para a mellora dos accesos ao núcleo de Hermunde e para a instalación dun vídeo marcador no campo de fútbol. Pilar García Porto destacou que a achega da Deputación supón algo máis do 80% do orzamento preciso para estas obras, pois o Concello aporta 31.000€.



Rúa Campo de Puente 65 baixo  
VILALBA  
T: 982 523 499 / 623 552 876  
ebosobradoirodoce@gmail.com  
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

## begonte

## Un mes de maio de celebracións

Está convocada a Festa da Xuventude, a do Maior e Os Milagres de Saavedra

Begonte prepárase para celebrar o sábado 13 a Festa da Xuventude, e novo no club fluvial de Begonte e abrirá a programación ao mediodía coa actuación do grupo D'Vicio en sesión vermú.

Durante a tarde desenvolveranse numerosas actividades. Unha delas consistirá na celebración do primeiro Open de fútbolín de modalidade de parado, que se iniciará ás 16.00 horas. Haberá dúas categorías, con oito premios na de Elite e catro na de primeira con recompensas de entre 500 e 30 euros para os participantes. Outra das actividades da tarde será a festa do baloncesto, que terá lugar a partir das 18.00 horas no mesmo club fluvial coa participación de Maximus.

Completa o programa vespertino un campionato de tute. Comezará ás cinco da tarde e só se celebrará si hai un mínimo de 16 parellas. Tamén están previstos xogos populares para todas as idades.

Á noite, ás 21.30 horas, está programada unha cea, que inclúe bebida, empanada e churrasco antes da música das orquestras Cinema e Broken Peach en sesión verbena. Ademais, na fin de festa estará DJ Ello.

**OS MILAGRES.** A tradicional romería dos Milagres de Saavedra repite o seu tradicional programa coa celebración das festas e o horario de misas, que se iniciarán a partir do 14 coa novena á virxe, que finalizará o luns 22, con rezos ás 20.00 horas da tarde e misa media hora máis tarde. A celebración reúne cada ano no santuario a centos de devotos, que aproveitan a data para facer unha andaina ata a igrexa.

As celebracións relixiosas comezaran o día 21, domingo, con misas ás 11.30h, 11.30 e 12.30 e pola tarde a



novena, ás 20.00 horas.

O día propio dos Milagres, o mércores 24, as cerimonia relixiosas serán dende as 7.00 ás 13.00 horas pola mañá e de 17.00 a 20.00 pola tarde. Para o sábado seguinte, volverán os oficios ás 12.30, 13.30 e 20.30 horas para rematar o domingo con outras tres misas, todas de mañá, ás 11.30 horas, 12.30 e 13.30 horas.

E xunto coa romería volven tamén as festas patronais, que terán como primeiro día de celebración o 24 coa actuación do dúo Eclipse. Xa a fin de semana continúa a programación coa participación co grupo Punto Clave en sesión vermú e Gran Parada e repetición de Punto Clave pola noite. O domingo rematará o programa con grupo Mar d'Arousa en sesión vermú.

**MAIOR.** O próximo 20 de maio celebrarase a Festa do Maior que dará comezo ás 13.00 cunha misa na igrexa parroquial de San Pedro. Ás 14.00 dará comezo o xantar no pavillón do colexio Virxe do Corpiño para continuar ás 16.00 cunha actuación musical e sorteo de agasallos. O prazo para o pago e recollida das tarxetas estará aberto ata o 16 de



maio cun prezo de 8 euros para os pensionistas e desempregados e de 35 euros para o resto de persoas. Haberá servizo de transporte de ida e volta para as parroquias previa inscrición.

**CAMPUS DE FÚTBOL SALA.** O Concello de Begonte acollerá do 26 de xuño ao 7 de xullo unha nova edición do campamento de verán que contará tamén coa celebración do Campus Mixto de Fútbol Sala, para o que xa está aberta a inscrición.

O campamento está dirixido a nenos de 4 a 16 anos e contará con actividades diversas, como surf, tiro con arco, pista de xeo, paintball láser, multideporte, parque acuático, kayak e fútbol sala, con visitas de xogadores e adestradores profesionais.

O horario do campamento será de luns a venres de 9.30 a 13.30 horas con servizo de madrugadores para os que o necesiten cun suplemento de dez euros sobre o 100 que ten de custo o campamento para os escolarizados en Begonte e alumnos das escolas deportivas. O prezo xeral será de 125 euros con descontos para os irmaos.

## riotorto

### Visita polo patrimonio

Mariña Patrimonio organiza para o sábado 13 de maio unha visita polo patrimonio de Riotorto. Está previsto achegarse á mina romana da Muxeira, ás igrexas de San Pedro e Santa Marta e á casa Moirón. Tralo xantar, visitarase o obradoiro dun ferreiro e a parroquia de Órrea.

Cómpre apuntarse enviando un correo electrónico a [mr.patrimonio@gmail.com](mailto:mr.patrimonio@gmail.com), indicando nomes, procedencia, teléfono de contacto, se teñen interese en facer uso do bus e se van participar no xantar.



**SEGADORES.** A Asociación de Veciñas e Veciños de Órrea proxectou no Pazo de San Marcos a peza documental *Segadores de Órrea en Terras de Castela: unha historia de heroes*, que recolle os testemuños de 31 segadores da parroquia sobre a súa experiencia nas segas en Castela durante as décadas dos cincuenta, sesenta e setenta do século pasado.



## outeiro de rei

## Abre o prazo para a XV Feira de Artesanía e os campamentos de verán

O Concello de Outeiro de Rei organiza a décimo quinta edición da súa tradicional feira de artesanía que terá lugar o sábado 1 de xullo.

Un ano máis, as tradicionais seccións de artesanía e de produtos de alimentación buscarán ofertar ao público unha ampla mostra de artigos únicos de calidade de diferentes especialidades porque ao igual que nas edicións pasadas, o Concello de Outeiro de Rei tratará de dar cabida á maior variedade posible de oficios e de produtos artesanais.

A tal efecto, o Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición para participar na feira de artesanía polo que as persoas que desexen asistir como expositores poden solicitar a súa participación no Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local.

O Concello de Outeiro de Rei ofrece aos expositores admitidos que non veñan co seu propio posto un espazo cuberto para expoñer.

Igualmente, preténdese que na feira exista o maior número de oficios artesanais representados valorándose a calidade dos produtos, a

presentación dos postos e a colaboración co Concello na realización de demostracións e talleres.

**CAMPAMENTOS VERÁN.** Tamén está aberto, ata o 31 de maio, o prazo de inscrición para os campamentos urbanos que se realizarán do 3 ao 7 de xullo para a rapazada de 8 a 12 anos e do 10 ao 14 de xullo para a mocidade de 4 a 7 anos.

Ao ser limitado o número de prazas (30 por campamento), estas cubriranse por rigorosa orde de solicitude (terán preferencia os empadroados no concello e o alumnado do colexio Laverde Ruíz con respecto ás solicitudes de fóra.

Nos campamentos realizarán actividades como obradoiros, xincanas, xogos de equipo, irán ao parque acuático de Cerceda, etc.

Teñen un custe de 40 euros o primeiro e de 30 euros o segundo, que deberán aboarse sempre antes de rematar o prazo de inscrición.

Pódense reservar as prazas nas oficinas municipais da casa da cultura de 10.00 a 14:00 horas ou chamando ao 982 39 34 08.

## a pastoriza

## Camiñada e actividade infantil no CIN, e sesión de cine para este mes


O CIN de Bretoña ten deseñado un programa para o mes con propostas para maiores e pequenos, para creativos e curiosos.

O domingo seguinte, 14, ás 11.00 na praza do Concello da Pastoriza comezará a IV Edición de Camiñamos xuntos cunha andaina polos arredores de Pastoriza. O camiño é duns 6 km e 1 hora e media de duración. É recomendable levar auga e calzado cómodo.

O 21 de maio, ás 11.30 horas no CIN de Bretoña realizarase a actividade Coñecendo A Pastoriza. Actividade infantil na que se fará un mural artístico que poderá verse no centro sobre A Pastoriza. Os seus paisaxes, as súas xentes e o seu patrimonio. Non é necesario levar ningún material, só a imaxinación e as ganas. Todas as actividades son gratuítas pero é necesaria a inscrición.

**CINE NA RÚA.** A Casa da Cultura da Pastoriza acolle unha sesión de cine o martes 16 de maio na que se proxectará o filme *As Bestas*.

A proxección da película contará



con dous pases, o primeiro será ás 19.30 e o seguinte ás 22.00.

Para realizar a reserva de entradas é necesario chamar ao 982 33 21 97.

*As Bestas* conta a historia de Antoine e Olga, unha parella francesa que se instalou hai tempo nunha aldea do interior de Galicia. Alí levan unha vida tranquila, aínda que a súa convivencia cos aldeáns non é tan idílica como desexarían. Un conflito cos seus veciños, os irmáns Anta, fará que a tensión creza na aldea ata alcanzar un punto de non retorno.

## cospeito

## Abre o prazo da escola infantil

O Concello abriu o prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso na escola infantil municipal para o curso 2023- 2024 e este prolongarase ata o 30 deste mes.

O formulario, xunto coa documentación requirida, poderá presentarse vía telemática a través da sede electrónica ou de forma presencial, solicitando cita previamente, no departamento de servizos sociais. Para máis información, pódese chamar ao número de teléfono 982 520 001.

## Convocada unha viaxe á Ribeira Sacra

O 14 de maio a Asociación cultural Aquilino Iglesias Alvariño organiza unha viaxe pola Ribeira Sacra. A primeira parada será na parroquia de Santa María de Bendilló para acudir a a XXIII mostra do Aceite de Quiroga declarada Festa de Interese Turístico de Galicia.

O seguinte destino será Ferreira de Pantón para ir á XXVIII Mostra de Viños da Ribeira e o viaxe finalizará no mirador do Cabo do Mundo. A viaxe ten un prezo de 35 euros por persoa para socios e 40 para non socios.

## TELÉFONOS DE INTERESE

<b>ABADÍN</b>	
Concello:	982 50 80 21
Garda Civil:	982 50 80 11
Centro de Saúde:	982 50 81 22

<b>A PASTORIZA</b>	
Concello:	982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil:	982 34 90 20
Centro de Saúde:	982 33 21 41

<b>AS PONTES</b>	
Concello:	981 45 31 16
Policia Local:	981 45 31 91
Garda Civil:	981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa):	981 45 12 51

<b>BEGONTE</b>	
Concello:	982 39 61 43
Garda Civil:	982 39 80 08
Centro de Saúde:	982 39 69 02

<b>CASTRO DE REI</b>	
Concello:	982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil:	982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa):	982 21 10 18
Castro de Rei:	982 31 42 11
Ribeiras de Lea:	982 31 11 14

<b>COSPEITO</b>	
Concello:	982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil:	982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa):	982 52 01 20
Feira do Monte:	982 50 34 69
Consultorio de Muimenta:	982 50 40 57

<b>FRIOL</b>	
Concello:	982 37 50 01
Garda Civil :	982 37 50 02
Centro de Saúde:	982 37 10 98
Cita Previa	982 37 10 05

<b>GUITIRIZ</b>	
Concello:	982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil:	982 37 00 01
Centro de Saúde:	982 37 21 10
Parga P.A.C.:	982 37 05 00

<b>MEIRA</b>	
Concello:	982 33 01 02
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 35 69 27
Cita previa:	982 33 02 40

<b>MURAS</b>	
Concello:	982 50 00 01
Garda Civil:	982 50 00 20
Centro de Saúde:	982 50 01 23

<b>OUTEIRO DE REI</b>	
Concello:	982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil:	982 39 00 05
Ambulancia:	982 23 16 13
Centro de Saúde:	982 39 25 98
Cita previa:	982 39 32 67
P.A.C.:	982 39 34 00

<b>POL</b>	
Concello:	982 34 50 29
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 34 59 20 / 982 34 53 76

<b>RÁBADA</b>	
Concello:	982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil:	982 39 00 05
Centro de Saúde:	982 39 01 01

<b>RIORTORTO</b>	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

<b>VILALBA</b>	
Concello:	982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policia Local:	982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil:	982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa):	982 51 03 11

<b>XERMADE</b>	
Concello:	982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil:	982 50 10 08
Centro de Saúde:	982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)



**Emerxencias: 112**  
**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**  
**Garda Civil: 062**



### TELÉFONOS DE INTERESE

# TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924  
E-mail: [redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU-517-03  
ISSN 2660-4507



# DEPUTACIÓN

## As proxeccións do ciclo Mestre Mateo terán lugar este ano en oito localidades

O Ciclo Mestre Mateo volve á provincia de Lugo e levará as proxeccións das longametraxes de ficción, animación e documentais finalistas dos premios do noso audiovisual aos concellos de Chantada, Vilalba, Foz, A Pobra do Brollón, Sarria, Fonsagrada, Becerreá e Meira, cun aumento de salas con respecto ao ano pasado. A colaboración entre a Academia Galega do Audiovisual e a Vicepresidencia da Deputación de Lugo suma a Chantada, Vilalba, Foz, A Pobra do Brollón, Sarria, que xa acolleron con éxito o ciclo na súa primeira edición, proxeccións na Fonsagrada, Becerreá e Meira, que pasan a formar parte da rede de salas.

Os concellos participantes exhibirán entre maio e novembro unha programación que inclúe *María Casares, a muller que viviu mil vidas*, *Unicorn Wars* e *O corpo aberto*, recoñecidas respectivamente como Mellor documental, Mellor longametraxe de animación e Mellor longametraxe na última edición dos Mestre Mateo.

O resto de títulos do programa son o documental *A foreign song* (César Souto, 2022) gañadora dos premios á Mellor longametraxe española e Mellor dirección española no pasado Festival Internacional de Cine de Xixón; o thriller *Código Emperador* (Jorge Coira, 2022); o documental *No somos nada* (Javier Corcuera, 2022); o filme de animación *Valentina* (Chelo Loureiro, 2022), gañadora do Goya á mellor longametraxe de animación na XXXVI edición dos premios da Academia Española e o documental *Onde máis doe* (Manane Rodríguez, 2022).

## Abre o prazo para optar aos premios do turismo e a gastronomía



A Deputación de Lugo abriu a convocatoria e as bases da cuarta edición dos premios Lugo Cambia ao Turismo Lucense, ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense e Turismo Sostible. Desta forma, as candidaturas a estes recoñecementos á excelencia do turismo e da gastronomía da provincia poderán presentarse ata o día 31 de xullo, na sede electrónica da institución.

Poden presentarse persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional que destaquen nalgunha das tres modalidades e que teñan repercusión positiva no turismo ou na gastronomía a nivel provincial ou nunha zona específica. As candidaturas poderán formularse a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata.

Os galardóns, que serán entrega-

dos o 27 de setembro nun acto público coincidindo co Día Mundial do Turismo, teñen como finalidade apoiar, poñer en valor e dar visibilidade ao traballo e a calidade do sector turístico e hostaleiro da provincia de Lugo. Os galardóns teñen carácter honorífico, igual que nas anteriores edicións, e consistirán nun diploma acreditativo e un agasallo, que será unha peza de artesanía tradicional da provincia.

O xurado estará composto polos representantes do Consello Provincial de Turismo, que, nunha sesión extraordinaria, fallará tres premios nas categorías de Lugo Cambia ao Turismo Lucense e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense, e un único premio no caso da categoría de Turismo Sostible. Na valoración das candidaturas terase en conta a aportación da iniciativa ao desenvolvemento turístico, a singularidade da proposta e a repercusión positiva sobre a imaxe da provincia.

## Compromiso co rural para frear a caída demográfica



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o xornalista Manuel Campo Vidal, inaugurou a xornada *Reto Demográfico na provincia de Lugo*, organizada pola institución provincial para expoñer accións e debater propostas entre as administracións públicas e o sector privado, co obxectivo de buscar sinerxías e aportar solucións na loita contra o despoboamento. O congreso, que contou coa presenza de numerosos alcaldes e alcaldesas, reuniu a numeroso público.

José Tomé recalcou que se promoveu esta xornada, "proactiva, propositiva, na que se presentan accións concretas para fixar e recuperar poboación no rural".

A Deputación deu a coñecer as súas novas accións neste ámbito, "que empregan as novas tecnoloxías e que apostan por xerar sinerxías entre realidades aparentemente tan diversas como o medio ambiente, o turismo, o patrimonio cultural, a actividade empresarial ou o emprendemento", explicou José Tomé.

O presidente sinalou que o rural "precisa que as administracións garantan o acceso en plena igualdade

aos servizos públicos básicos de educación, sanidade, conciliación e atención á terceira idade. Sen servizos públicos, sen comunicacións, o rural non pode ter futuro". Argumentou Tomé Roca que o rural precisa un traballo conxunto das administracións, pois "as dimensións dos nosos concellos rurais impídenlles optimizar por si mesmos os recursos".

Así mesmo, o presidente considera imprescindible "convencer ás autoridades europeas da necesidade de habilitar mecanismos que incrementen o traslado de fondos comunarios ás administracións locais. Fondos que poden xestionar con eficacia as Deputacións provinciais, como administración que favorece a cohesión social e o equilibrio territorial a través da cooperación cos concellos".

A Deputación presentou E para Vivir Lugo, un proxecto innovador financiado con fondos europeos que busca de solucións innovadoras que aproveiten os recursos endóxeos das zonas rurais para convertelos en oportunidades, e deste xeito contribuír a fixar e recuperar poboación, con especial atención nos de menos de 5.000 habitantes.

## Organizan un ciclo de música clásica para reivindicar o xénero

Monterroso acolleu o primeiro concerto do ciclo Música e Memes, un programa organizado para o estudiantado de Secundaria que percorrerá ata o 16 de maio seis concellos da provincia para dar a coñecer e achegar a música clásica aos mozos e mozas. Xunto a Monterroso, esta actividade celebrárase en Viveiro, Burela, A Fonsagrada, Becerreá e Vilalba.

Para a reivindicación deste xénero, esta iniciativa parte dunha rigorosa investigación semiótica que deriva na explicación do sentido musical a través de memes, unha linguaxe moi empregada polo público obxectivo

deste traballo. A través dunha plataforma en tempo real e do teléfono móbil do público, participan e toman decisións sobre o que sucede no escenario.

Trátase dun proxecto que xira arredor do Trío K. 498 Kegelstatt para clarinete, viola e piano, de W.A. Mozart, e permite expresar dinámicas e intereses actuais a través da música de finais do século XVII. Foi a compositora ferrolá, Sofía Oriana Infante, a que escribiu unha peza pensada para este proxecto. A última parte do espectáculo é Un memento, morí, onde se mestura a cultura actual cos prexuízos sobre a música clásica.

## O Pleno reclamará á Xunta que garanta as prazas en residencias

A institución provincial aprobou no último pleno reclamar á Xunta que asuma as súas competencias e garanta prazas públicas en residencias para os maiores da provincia de Lugo grazas aos votos do PSdeG e do BNG. A voceira socialista do Goberno sinalou que na actualidade a institución provincial conta con 260 prazas en 9 centros, e outros 9 en marcha. Galicia ten un déficit de 14.000 prazas en residencias de acordo cos parámetros establecidos pola OMS, que recomenda contar cun número de prazas equivalente ao 5% da

poboación de máis de 65 anos. Así mesmo, a Xunta dedica a Servizos Sociais un 8,5% do seu orzamento, 1.077 millóns de euros "un investimento que está moi por debaixo do da institución provincial que achega o 33%, 30M€", dixo García Porto. No Pleno acordouse así mesmo a actualización do Inventario de Bens e Dereitos da Deputación de Lugo. Neste caso, e unha vez extinguida a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A. (Suplusa), e non existindo entidades con personalidade xurídica propia, incorpórase a este docu-

mento o patrimonio de titularidade de Suplusa, así como os bens adquiridos durante o mandato.

O BNG tamén propiciou o acordo da corporación provincial para reclamar ao goberno do Estado a reparación integral do firme da estrada N-540, entre Lugo e Ourense. A proposta, aprobada por unanimidade, insta ao goberno central a actuar de forma urxente para darlle unha solución definitiva ao firme desta estrada, que deteriora os vehículos e prexudica á veciñanza e ao tecido económico das zonas polas que pasa.



# DEPORTES

## Vilalba volverá contar coa Carreira das Letras o 19 de maio

O Concello de Vilalba convoca un ano máis a Carreira das Letras Galegas, que se celebrará o venres 19 de maio e está dirixida ao alumnado dos centros educativos.

Esta décimo terceira edición se disputará, como é habitual, na pista de atletismo do estadio da Madalena a partir das 11.00 horas.

A cita cumpre cos obxectivos do grupo de goberno de Vilalba que busca, a través do deporte, fomentar os hábitos de vida saudables entre os máis novos, traballar en valores como a solidariedade e promover a convivencia, ademais de conmemorar unha data tan significativa para a lingua galega.

As categorías serán mixtas e a saída será simultánea, sen distinguir caixóns, e con carácter participativo. O alumnado distribuirase en función do ano de nacemento: chupete, 2019-2018; pitufos, 2017; prebenxamíns, 2016-2015; benxamín, 2014-2013; alevín, 2012-2011; infantil, 2010-2009; e cadete, 2008-2007. Con distancias que van dos 60 metros aos 1.400.

## O CD Castro sobe a Preferente e o Abadín regresa a Segunda

Coa liga a piques de rematar, súmanse máis equipos á lista de ascensos e descensos. Así, o CD Castro volve á Preferente e o Abadín regresa á Segunda, categoría á que descendeu o pasado ano.

O CD Castro logrou o ascenso de forma directa tras vencer ao Pastoricense e perder o Atlético Escairón a domicilio unha xornada antes de acabar. Deste modo, o club chairego, logra o pase directo á categoría superior, na que xogou varias tempadas anteriormente.

O equipo de Primeira intentouno o ano pasado, xogando os play off pero non puido ser e nesta ocasión logra o único posto de ascenso directo xa que o outro será por play off. Deste modo o Castro queda campión de grupo, polo de agora cinco puntos por riba do equipo do Saviñao.

Tamén ascendeu o Abadín, que xogará o ano que vén e Segunda Galicia, tras disputar este ano en Terceira, categoría á que descendeu o ano pasado. O equipo logrou este



ascenso tras disputar os play off no grupo norte de Terceira, tralo ascenso directo do Meira. Venceu 2-4 ao Nuevo Nausti en Vilalba no partido de volta da final.

En Segunda, o Cospeito posiciónase tamén para o ascenso a Primeira Galicia, xa que disputa, xunto ao Guitiriz os play off. No partido de ida das semifinais o equipo cospeités venceu ao Folgueiro pola mínima mentres que o Guitiriz e o Iberia empataron.

**FRIOIOL.** O primeiro equipo feminino do PM Friol confirmou o seu descenso de categoría para a próxima tempada a falta de catro xornadas por disputarse. Unha nova derrota ante o Español B (1-2 na Reigosa) condearon ao equipo matematicamente ao seu regreso á Primeira Nacional tras un ano nesta categoría.

O club mantén un segundo equipo na Segunda División Autonómica, que se atopa en postos de ascenso a Primeira.

## EN BREVE

**TRAIL DE RIORTORTO.** A localidade de Riotorto estrearse no trail coa Ruta dos Muíños, o 27 de maio con tres probas diferenciadas. Por unha banda, terá lugar unha andaina de 16,5 quilómetros, que arrancará ás 10.00 horas da praza das Rodrigas, onde tamén estará a meta. Pola tarde terán lugar ás dúas probas deportivas. Ás 16.30 horas sairá a proba de enduro, de 20 quilómetros, nas categorías masculino e feminino a partir de 18 anos. 20 minutos despois sairá a proba do propio trail, tamén para homes e mulleres a partir da maioría de idade.

**TRAIL DE MURAS.** O Concello de Muras, organizador do Trail das Bestas, vén de cambiar a data para a nova edición do mesmo, que será o sábado 15 de xullo. Este cambio fíxose por petición popular, xa que o 16 coincidía coa festividade do Carme, que se celebra moito na zona. As inscricións abríronse o 14 de abril. Como novidade deste 2023 o percorrido do 15k e andaina será totalmente novo. Tamén será lineal, polo que transportarase aos corredores á saída en buses.

## Ascensos para o Insuas do Miño FS e o Vilalba FS



O equipo Galical Insuas do Miño de Rábade FS logrou o ascenso á Terceira División a falta de 4 xornadas para que rematara a competición e tamén xa é o campión da categoría.

O equipo rabadense mantén sete puntos de vantaxe na súa táboa, a de Preferente Norte e xa pode proclamarse como equipo de Terceira. O Insuas do Miño venceu ao Pontedeume a domicilio por un disputado 3-5 para conseguir a clasificación.

O equipo estaba preparado para festexar o ascenso, xa que estivo acompañado polos seus afeccionados, que viaxaron en autobús ao pavillón da Casqueira.

**VILALBA FS.** O equipo filial do Vilalba FS logrou o seu segundo ascenso consecutivo para colocarse en Terceira a próxima tempada tamén a falta de catro partidos para a finalización da Liga.

O equipo B logrou o ascenso a Preferente o ano pasado cun equipo adestrado por Ismael e con maioría de xogadores nados en Vilalba. O conxunto venceu no seu último duelo ao Troula Betanzos, por un gol, e súmase ao Insuas do Miño na categoría superior do fútbol autonómico.

O club poderá desfrutar dun equipo na 2ª División B e o seu filial na 3ª División, algo histórico para o fútbol sala vilalbés.

## Kevin Cuba gaña o torneo internacional de xóvenes promesas



O vilalbés Kevin Cuba acadou o primeiro posto no Torneo Internacional Jóvenes Promesas que se celebrou na localidade alicantina de La Nucia.

Kevin, que aínda é cadete de primeiro ano, acudiu á súa primeira convocatoria coa Selección Española despois de gañar os pasados Campionatos de España na categoría de menos de 110 kg.

**GALEGO.** O club participou nos Campionatos Galegos que tiveron lugar no pavillón do CGTD de Pontevedra. Na categoría cadete destacaron os ouro de Kevin Cuba en menos de 110 kg e de Boris

Reshetniak (alumno do adestrador ucraniano Arkadi Ilimetov) en menos de 65 kg e o bronce de Xiao Seoane tamén na categoría de menos de 65 kg. As 3 medallas axudaron a que o club acadese o 3º posto por equipos na categoría cadete de Libre Olímpica.

Na categoría sénior destaca o ouro de José Cuba que domiñou en menos de 125 kg. Jose Luis Puentes loitou en menos de 97 kg acadando un 5º posto. Nesta última categoría hai que salientar o ouro de Martín Vázquez do Rábade que dominou todos os enfrontamentos gañando o pase para os Campionatos de España.

**RALLYE DA MARIÑA.** A V edición do Rallye Mariña Lucense, celebrábase o 12, 13 e 14 de maio 2023. Sendo así a terceira proba do Campionato Galego de Rallyes de Asfalto 2023. Constará de 5 treitos diferentes, todos eles a dobre pasada, tendo un total del 106,30 km cronometrados e un total de 362,39 km. A súa base estará no Concello de Viveiro e transcorrerá tamen polos concellos de Xove, Cervo, O Vicedo, Muras e Oural. Para esta quinta edición hai 86 pilotos e 36 escudarías inscritas, entre os que destacan nomes como os de Víctor Senra ou Alberto Rey, os dous primeiros clasificados do campionato autonómico.

**MARCHA BTT** O club de btteiros Cova da Serpe organiza o vindeiro mércores 17 de maio, Día das Letras Galegas, unha marcha en memoria de Pablo García, membro do club. A marcha consistirá en rodear pola contorna do pantano de San Xoán e ao finalizar a ruta haberá comida no restaurante La Casilla. A sesión dará comezo ás 10:00 horas desde a praza do Campo da Feira de Guitiriz. Será un percorrido de 32 quilómetros que contará cun avituallamiento ó longo do mesmo. Terán tamén lavado de bicis no Campo da Feira e duchas no pavillón Jonathan Carro Paz. O prezo da inscrición é de 20 euros con comida incluída e sen comida será de 5 euros.



## DE RUTA EN RUTA

# A Pastoriza: Ruta das augas de Fonmiñá

É un percorrido longo de case trece quilómetros a carón do río Miño, que nos permite coñecer varias xoias naturais

A ruta das augas de Fonmiñá ten unha lonxitude de case trece quilómetros que se realiza en aproximadamente tres horas e vinte minutos. Á diferenza da Ruta Maoloc, que tamén discorre polo concello da Pastoriza, esta ruta está catalogada cunha dificultade baixa, o que a fai máis accesible que a súa compañeira.

O percorrido dá comezo na lagoa de Fonmiñá, situada xusto á entrada do concello da Pastoriza dende o sur. A lagoa conta cunha superficie de 350 metros cadrados e é de orixe cárstico, onde emerxen as augas subterráneas de mananciais que descenden da montaña. Nas inmediacións da lagoa podemos atopar un conxunto escultórico adicado ao deus Breogán realizado en 1969 por Magín Picallo e Manuel Mallo.

A ruta cruza a pequena pista que leva á aldea de Fonmiñá e deixa a man esquerda un gran muíño de fariña que na actualidade funciona como museo. O camiño, ben sinalizado, transcorre pola marxe



## DATOS



3.5 horas



13 quilómetros



Dificultade fácil

dereita do río Miño, baixo a sombra dos altos bidueiros, amieiros e salgueiros e entre amplas praderías nas que é frecuente ver pastando vacas e cabalos. Característico da zona da Terra Chá este percorrido é practicamente chaira e nel poderemos observar os campos agrícolas e unha gran vista ao horizonte desfrutando así dunha contorna diferente do habitual paisaxe galego.

O río Miño é o eixo desta ruta, sen embargo, ao longo do camiño poderemos desfrutar non só da paisaxe senón tamén de diferentes puntos de interese etnográfico e patrimonial. En primeiro lugar nun punto sinalizado do camiño podemos desviarnos para visitar a igrexa do Salvador de Crecente e máis adiante o Castro de Saa, onde se está a traballar. O castro é un asentamento correspondente a Idade de Ferro

que na actualidade ten unha superficie de corenta e oito metros cadrados escavados e que se compón de tres murallas defensivas, cos seus respectivos fosos, un ante castro e a croa. Dende esta situación teremos unha panorámica da contorna de 360 graos. As augas de regatos como o Rego de Piñeiro ou o Rego de Xixín van agrandando o caudal do Miño ata formar na parroquia de Baltar

unha área recreativa habilitada como praia fluvial, merendeiro e que conta cun pequeno embarcador. Este será o punto final da ruta. Antes de realizar a Ruta das Augas de Fonmiñá debemos ter en conta que este non é un percorrido circular, polo que aos case trece quilómetros de ida hai que sumar os mesmos para a volta. Polo tanto a duración total estimada multiplícase por dous.



# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

## Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
Telf.: 982 51 36 05